

Vida e Obra  
de  
Manuel  
Rodríguez López

Manuel Blanco Castro

Adico este libro froito da miña afervoadada estimanza cara a persoa e obra do poeta Manuel Rodríguez López, á súa viúva Irene e fillos Enrique e Santiago. Tamén ó Alcalde de Paradela, Xosé Manuel Mato Díaz, “porta franca” e facho para honrar ó Fillo Predilecto do seu Concello. E para este Alcalde, a miña gratitude.

## SAÚDO DO ALCALDE

Á obra de Manuel Rodríguez López, faltáballe subir un banzo máis na pirámide da eternidade, que está a realizar o noso MESTRE, dende a súa orixe e incluso despois do seu pasamento.

Como xa dixen con motivo do seu nomeamento de Filio Predilecto "Manolo vivirá sempre, pois a súa obra faino inmortal" (4-11-90). Este libro vén a confirmalo e dá novo pulo á súa ilusión de "traballar en exclusiva pola Cultura Galega", permitindo así un maior coñecemento da súa vida e obra, tanto para os coetáneos, como para futuras xeracións, atopándose nel un fermoso exemplo de amor á Terra, ás raíces, dun personaxe comprometido con todo o que signifique Emigración, Galegos, Galicia.

Tivo que alumea-la idea outro bo e xeneroso Manuel Blanco Castro, eu case diría alma xemelga do noso exemplar Poeta. Home dunhas profundas raíces Galegas, cunha formación humanista sobresaínte e que coma Manolo Rodríguez, estivo e está comprometido a prol da súa Terra amada e das súas xentes; compartiron a diáspora, dende unha proximidade física na emigración denostada polos dous, mais nunca perderon o seu Norte. Neles sempre encontras o apoio firme do irmán maior que con sabiduría e paciencia che axudan a superar atrancos.

Gracias M. Blanco, por axudarnos a expandi-la figura do Poeta de Paradela, tan vivo na memoria dos seus paisanos. Gracias por guiarnos na reafirmación do noso propósito de seguir no vieiro por el trazado.

Desexamos que este libro, esperte espíritos adormecidos e se acaden novos compromisos dende o exemplo do bibliografiado e do seu autor.

**Xosé M. Mato Díaz**

## MANUEL RODRÍGUEZ

por

## MANUEL BLANCO

**Xulio Xiz**

A Manuel Rodríguez López presentoumo Xesús Mato Mato un verán de hai arredor de trinta anos. Uns veráns despois, Manuel Rodríguez presentoume a Manuel Blanco Castro.

E velaquí que, case mediado o 2000, nos atopamos os catro xuntos neste libro: Manuel Blanco, pescudando na vida e obra de Manuel Rodríguez; Xesús Mato, escribindo o epílogo; Manuel Rodríguez, como centro de atención obrigada e desexada; e eu facendo presentación ou Introito para un libro que, a fin de contas, é unha homenaxe ó mellor dos catro. Polo menos, ó que máis presa demostrou Deus por telo xunto de sí.

Eu quixera -polo meu ben- que houbera un denominador común entre os catro. Un denominador común que podería chamarse "boa fe", "galegitude", "entrega ... Dos outros tres respondo. E eu arrímome a eles por se é verdade ese refrán que di que arrimándose ós bós poderemos chegar a ser un deles. Polo pronto, alédome da cercanía xeográfica de estarmos xuntos neste libro na honra de Manolo Rodríguez López, embaixador dos "Galegos en Catalunya" no ceo dos galegos.

Nesta afortunada compañía, como punto de partida ou Introito deste libro, proclamo que estamos diante dun froito de agarimo e amizade, na honra dun home que na vida non fixo máis que sementar calma, templanza, paz, amor, cultura... Que foi un dos máis sobranceiros "Galegos en Catalunya", padeceu "Saudade no Bulleiro", artellou "Poemas Populares Galegos", cobrou "Soldada mínima", percorreu un curto pero intenso "Onte e hoxe vivencial"... Sabedor da riqueza de ter amigos que amen a terra gozou de "Viaxes con Fole"; soñador de paraísos achegou Galicia a "A Atlántida" e, en fin, pouco antes da morte abreu os brazos para o "Reencontro coa aldea". E logo deixounos orfos. E este libro é coma unha atume máis para as lembranzas; un vencello "vivencial" para un definitivo "Reencontro" de Manolo coa súa terra e as súas xentes.

Este libro era unha necesidade, e Manolo Blanco o máis indicado para solucionar esta carencia. Porque os que coñecemos a Manolo Rodríguez sabemos da súa vida, do seu traballo, do seu amor por Galicia... pero estas cousas hai que contalas, para que se saiban, e por si é posible que se contaxien a alguén.

Os que coñecemos e quixemos -e queremos- a Manolo Rodríguez, sabíamos que nalgún momento había que facer un libro así. Moitos outros deberíamos telo feito, pero afortunadamente Manolo Blanco (lucense en Barcelona; galego en Catalunya) adiantóusenos. Paisano de Manolo Rodríguez por partida dobre (por nacencia e por emigración), tiña ben antecedentes neste labor. Escribiu bo número de biografías de xente notable para a Gran Enciclopedia Galega, para Espasa-Calpe, para diversas publicacións. E a súa vocación de comunicador vencella Galicia e Catalunya como antes fixo Manuel Rodríguez.

Ninguén coma el para captar ese especial sentimento de vencello á terra, lonxe da terra, nun lugar como Catalunya, onde tanto significa a terra propia.

Este é un libro para tódolos públicos. Porque fala dun home de a pé, do pobo, que con esforzo e traballo se fixo a sí mesmo e foi grande -é grande- polos seus coñecementos, polas súas devocións; polo seu amor á terra, ás xentes, á cultura... pola súa obra e pola súa vida. Por eso é un libro para todos: Porque todos poden -podemos- obter del ensinanzas e exemplo.

Pero, especialmente, é un libro dirixido ás xentes de Paradela. E dentro desta xente, especializando aínda máis, para os que coñeceron a Manolo -e polo tanto

foron os seus amigos- para saber máis daquel home sinxelo. Ou para os que non o coñeceron, así como para as novas xeracións de paradelenses que se incorporan á actualidade desta terra, para saber que houbo un entreles, o mellor, que amou a terra, que a soñou de lonxe, que veu morrer a ela, e foi cronista dun tempo e dunha terra; dun tempo que foi o noso, e dunha terra que en xeral se chamou Galicia e en concreto Paradela.

Tamén é este un libro para os galegos de Catalunya, para tódolos galegos en calquera Catalunya, para tódolos galegos de fóra de Galicia.

Para os que coñecemos e disfrutamos da súa amizade, este libro é como unha confidencia -coma unha espionaxe- sobre a vida de Manuel; entrar nos pequenos detalles dunha vida intensa, familiar, traballadora, de estudio e investigación, de escrita, de amigos...

Velaquí o traballo de Manuel Blanco Castro titulado "VIDA E OBRA DE MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ", vida e obra dun home que deixou unha muller, dous fillos, centos de amigos... Unha terra nativa e outra de adopción... Unha ilusión vital ("Sólo unha patria hai, Galiza", dixo o poeta)... A poesía como válvula de escape, a boa fe por riba de calquera outra consideración. Poucos coma el mereceron o calificativo tan manoseado de "bo e xeneroso"; poucos coma el mereceron ser chamados "Excelentísimo Señor".

¡Que difícil, Manuel Blanco Castro!. ¡Que difícil cho puxo Manolo Rodríguez para resumir nun libro a súa vida e a súa obra!.

Pero o corazón pode aportar datos intanxibles que os arquivos non gardan. E este libro está escrito especialmente co corazón.

Ese corazón que Manolo Blanco afirma que está feble e "mal parado", pero eu sei -sabémolo moitos- que é moi grande, e latexa aínda que dorido na dirección que marcan brúxulas invisibles que se chaman Galicia ou Manolo, amizade ou Paradela, Recatelo ou Barcelona.

En fin, lector: Que tés na man un libro especial, dun home especial, escrito por un autor tamén especial. Que está escrito co corazón, e trata dun home que foi todo corazón.

Así que xa sabes: Se queres entrar nel, déixate levar; se queres achegarte a Manolo, sintoniza na frecuencia axeitada; se queres coñecer o que foi, o que significou, Manolo Rodríguez, deixa que o que camiñe polas páxinas do teu libro sexa -ademais dos teus ollos- esa potencia singular, ese sentido superior, ese algo inmaterial que por non cabernos dentro de ningún órgano, por vital, demos en chamar corazón.

---

## **INTRODUCCION**

É para min motivo da meirande ledicia poder aportar un pequeniño grao de area que axude a dar a coñecer a VIDA E OBRA do que foi excelente poeta galego, MANOLO RODRIGUEZ LOPEZ, o poeta obreiro, o poeta de Paradela. Co seu pasamento o día 13 de febreiro de 1990, Galicia perdeu a un escritor do que escribe outro gran escritor, Darío Xohán Cabana, o seguinte: "Na nosa memoria acouga a súa lembranza, e o seu espírito está nos libros que deixou, e sobre todo neste (*Onte e Hoxe Vivencial*) que garda o seu derradeiro alento lírico" (Limiar, p. 13).

Cando máis se podía esperar do seu xenio poético, deixounos dalgún xeito orfos. Porén, se ben é verdade que foi un Mestre no coñecemento do idioma de Rosalía e un inspirado poeta e notable cronista e narrador, non o foi menos na faceta de marido e de pai, sempre no seu sitio, sempre respetuoso, sempre garimoso, tanto coa súa dona Irene coma cos seus fillos Enrique e Santiago. E foi para min un dos meirandes, afervoados e indiscutibles amigos. Eu sempre me sentín con el na obriga de corresponder ás moitas deferencias que de continuo tivo comigo. Inda teño estereotipada no máis fondo da alma, e inda sona nos meus oídos, unha frase de tristura que me dixo estando en compañía de Xesús Vázquez Sánchez cando o visitei no Hospital Clínico de Barcelona. Falamos da actualidade e en algo non estivemos de acordo. O fin da conversa, díxome: "Blanquiño (atristurado) perdona. Non quero que te enfades por isto comigo". "Podes estar tranquilo - lle dixen- que eu, endexamais me podería enfadar contigo. Ti sabes moi ben que todos somos libres de opinar e respetar a opinión dos demais". Foi a derradeira conversa que tiven con el.

Sei que o meu galego non é todo o bo que debería ser, e non é nin a sombra do galego que Manolo falaba e escribía. Porén, sei que el me otorgaría o perdón deste pecado que humildemente confeso. E o mesmo lles pido a quen es teñan a pacencia de ler este libro, escrito máis coa alma que coas potencias corporais. E quero ante todo demostrar a miña gratitude a todos cantos aportaron a súa colaboración. De modo especialísimo e en primeiro lugar, á viúva Irene e ós fillos Enrique e Santiago, que en todo momento puxeron á miña disposición toda clase de documentos familiares e non familiares que poden aportar información sobre a VIDA E OBRA do que foi poeta orgullo de Paradela e de Galicia. E a miña gratitude ás irmás de Manolo, Montse e Conchita, e ós seus maridos, Félix Fernández

e Jesús Escudero; e asimesmo para Avelino de Randulfe e para Cándida de San Pedro (m. en 1997) e fillos, así como para o resto dos familiares que aportaron algún dato de interese; e gratitude moi fonda a Xulio Xiz, que sempre foi o gran amigo de Manolo e da súa familia, e que no seu pasamento demostrou ese garimoso afecto que tivera para co desaparecido durante a súa vida. E graciñas a Xesús Mato, crego, musicólogo e escritor, nativo tamén de Paradela, concretamente da parroquia de San Martiño de Castro de Cabodevila, que sempre, desde neno, mostrou o seu afecto cara o desaparecido poeta obxeto deste libro. E gratitude moi especial, tamén, ó Alcalde de Paradela, Xosé Manuel Mato, que tanto traballa polo seu concello e que tanto demostrou a súa querencia polo fillo ilustre, nomeándoo Fillo Predilecto de Paradela, adicándolle un Edificio de Cultura e convocando cada ano, desde 1995, un Certame Literario que leva o seu nome. Gratitude para o Presidente de Renault V.S. de Barcelona, Xesús Vázquez, para o Catedrático de Filoloxía Galaico Portuguesa da Universidade de Barcelona, Basilio Losada; Josep Masegosa, Rector do Seminario Menor Diocesán de Santa María de Montalegre (Tiana); Alfredo González, cantautor de Becerreá, Valentín Ramón Cassola, abogado de OSSA; a Paco da Fonte (Francisco Jorge), para a súa madriña María Fernández (m. en Francia, 1998) e para todos aqueles que dalgunha maneira contribuíron coa súa información á realización deste traballo.

## **PRIMEIRA PARTE: A SUA VIDA**

### **PARADELA E RANDULFE. NACEMENTO E BAUTIZO**

PARADELA é un concello do partido xudicial de Sarria-Lugo. O topónimo de Paradela según o lucense Xaquín Caridad Arias, verdadeira autoridade nos eidos da Filoloxía, pode ser unha forma hipocorística de Prada, que en galego pode designar un lugar de descanso nunha *vía* como as que os romanos denominaban *mansio*, parecido a outros como taberna, pousada, albergue, repostería. Tamén, según o propio Caridad Arias, pode aludir a brañas ou corros para recoller o gando, especialmente en zonas de montaña. Paradela tamén pode proceder do antropónimo *Paratus*, na forma *Paratellus* e engade Xaquín Arias que *Paratella* xa se menciona en documentos do ano 924 (1). E no *Nomenclator Toponímico Medieval de la Diócesis de Lugo*, que se publicou por primeira vez na revista *Lucensia* (2), menciónase o topónimo San Miguel de Paradela. Amor

Meilán é da opinión de que procede do diminutivo parada e designa o lugar destinado polos romanos nas estradas para recambio das cabalerías do *cursus publicus*. Desta mesma opinión é a *Guía de los ríos de Lugo* (3). De xeito que, en canto á orixe de Paradela, están de acordo os autores. E por suposto no noso caso referímonos a San Miguel de Paradela, xa que existen non poucos pobos, sobre todo na provincia de Lugo, con este nome.

San Miguel de Paradela está situado á beira esquerda do Miño e a 34 Km da capital de Lugo (4). A San Miguel de Paradela pertence a aldea de Randulfe. Nesta aldea, o día 11 de decembro de 1934, viu a primeira luz do mundo un neno, fillo de Manuel Rodríguez Rodríguez, de vinteseite anos, natural de Bugalla-Santa Eulalia de Rebordao, parroquia do municipio de Saviñao, partido xudicial de Monforte de Lemos, e de Consolación López López, natural de Randulfe (San Miguel de Paradela). Foron os seus abós paternos José Rodríguez Rodríguez da mesma aldea de Bugalla de Santa Eulalia de Rebordaos e Socorro Rodríguez Rodríguez, natural de San Esteban de Pesqueiras. E por parte materna foron os seus abós Celestino López Pérez, natural de Randulfe e Concepción López López de San Pedro, ambas aldeas pertencentes a San Miguel de Paradela.

Recibiu as augas bautismais, sendo o ministro do bautizo o crego Ramón Losada Varela, o día 2 de xaneiro de 1935 (5). O citado cura párroco non vía con bos ollos que apadriñara ó neno Marcelino López López por ser político progresista. Por tanto foi apadriñado por José Ramón López López e por María Fernández. Según a testemuña da súa madriña, María Fernández López (carta desde Cuxac-Francia, 11 Nov. 1997. Faleceu en 1998), o crego Ramón Losada Varela chegou a sacar unha pistola e o pai do neno tivo que darlle un manotazo na man que fixo caer a arma, que se disparou no chan. O pai do neno, Manuel Rodríguez según a carta da madriña arriba citada, quería que o seu fillo se chamara Oreste, ó que o crego se interpuxo e dixo que engadiría o nome de Manuel. Por tanto fóronlle impostos os nomes de MANUEL ORESTE. O bautizo foi retrasado uns 15 días e o Marcelino tivo que ser substituído por outra persoa de agrado do crego. O crego Ramón Losada Varela finou en Lugo o 12 de xaneiro de 1994 ós noventa e dous anos. Según o *Boletín do obispado* de Lugo, en 1937 os maquis queimáronlle a casa patricial. E dí que era "circunspecto sen deixar de ser afable". Seguro que Deus lle tocou o corazón.



Do incidente do seu bautizo fala o propio Manolo nunha das poesías do seu libro *Poemas populares galegos*, poesía que titula *In memoriam do meu tío Marcelino*, cuido comenzo di:

"Moitos anos pasaron, meu padriño...  
Negouse o crego a bautizarme, dicen,  
porque eras progresista,  
porque te arrepoñías ós caciques,  
porque adiantar querías de Galicia  
o mañá que inda tarda..."

### **A SÚA NENEZ: PARADELA E BARCELONA**

Manolo Oreste pasou a súa nenez en Paradela, concretamente en Randulfe, na casa de Avelino onde veu ó mundo e onde se arrolou o seu berce. E cando a casa de Avelino, coñecida como "Casa de Baixo de Randulfe", pechou, foi levado a vivir á casa da Cándida en San Pedro. Segundo a propia Cándida e a súa filla Consolación e o Avelino, a nai do neno viuse na obriga de irse a traballar a Barcelona, mentres que seu pai era incorporado a filas a causa da Guerra Civil (1936-39), cando o neno apenas contaba dous anos. O matrimonio somentes se podía comunicar por medio da Cruz Vermella, e cunha rigurosa censura que non lles permitía escribir máis de quince palabras. En San Pedro criouse aqueles anos.

O neno era un pouco traste. Rubía ás árbores, sobre todo a unha ameixeira. Xogaba co Pepe da Cándida e co "Paco da Fonte" como se lle coñece a Francisco Jorge. Este era tres ou catro anos meirande que o biografiado. Xogaban entre outros xogos ó escondite. Cando facía algunha falcatruada a súa avoa o castigaba, mentres que ós outros rapaces somentes lles rifaba. Nunha ocasión el e máis o Paco da Fonte fixeron un muiño da cabeza dun nabo que cortaron en forma de roda e púxose feito un pito de auga. Cobrou un azoute no pompis. Cando andaba coas vacas, e cando xa o sol se empezaba a esconder, gritáballe á súa avoa: "¿Levo as vacas a casa?" Ela dicíalle: "¡Aínda é cedo!". Porén a pesar da curta idade camiñando a San Pedro, xa anoitecendo, canturreaba para espantar o medo.

Falando da súa nenez, no seu libro *Saudade no bulleiro* di:

"Sinto a nenez lonxana,  
arrebolando na eira  
xogando cun balón feito de trapos  
un tiracoios i aquel carromato.  
Son moi probes os Magos das aldeas  
i os da vila non chegan ás bisbarras".

A escola de Pacios, cabeza do municipio de Paradela, era unitaria. O Mestre era don Xerardo Pallares. O neno Manolo, se asistiu a ela foi por pouco tempo, xa que o marido da Cándida de San Pedro, persoa moi instruída, parece ser que se adicou ó ensino dalgúns daqueles nenos. As veces mandaba ó Paco da Fonte a que lles tomara a lección. O parecer rezaban tamén o rosario coas persoas maiores de San Pedro. Hoxendía a escola está convertida en vivenda.

### **Despedida de Paradela e nenez en Barcelona**

No Outono de 1941, cando na verde Galicia as árbores desnúdanse da follaxe, e cando somentes lle faltaban dous meses para cumprir os sete anos, súa nai desplazouse de Barcelona a Paradela para facerse cargo do pequeno. A tristura daquela boa xente pola despedida do neno deixouse ver reflexada polas bágoas que corrían polos ollos de moitos. Tamén o pequeno choraba e atopábase cheo de perplexidade, de dúbidas. Nembargantes, o encontro coa súa nai compensoulle. Algún día pensaría como aquela canción doutro fillo da terra que dice: "Miña nai, miña naiciña / como miña nai ningunha / que me quentou a cariña / co calorciño da súa". E xa desde entón, Manolo foi un emigrante, que como atinadamente dixo o crego Xesús Mato, "foi destetado do seu pobo natal, do seu Randulfe querido, coma outros dos nosos veciños, e mesmo parentes, de Paradela, de todo Galicia" (6).

Ó rapaz tivo que causarlle fonda impresión a viaxe en tren a tan lonxe, contemplar as diferentes paisaxes, xa deixando atrás a súa Galicia natal. E como inda non tomara contacto con Rosalía por iso non puido pensar o que outros galegos lembramos ó deixar a nosa terra: "Adiós ríos adiós fontes / Adiós regatos pequenos..." Pero se non foron as verbas da poetisa de Padrón, si que iría pensando e pensaría, xa en Barcelona, máis dunha

vez, no río Miño, nos regatos, nas fontes de auga cristalina, nas árbores, no piar dos paxaros, na ameixeira...

Á chegada a Barcelona, estaría impresionado polas cousas novas: o Metro, os autobuses, o tráfico, os grandes edificios, as autopistas, Montjuich, a Sagrada Familia, o Tibidabo, o Zoológico...

Porén, a morriña, a saudade pesarían como unha lousa naquel pequeno de sete anos. Pasarlle como aquilo de "A raíz do toxo verde / é moi mala de arrincare / os amoríños primeiros eu non os poido olvidare". E Basilio Losada, no Limiar de *Soldada Mínima*, di: "Desde as súas terras luguesas chegou a Barcelona hai xa anos e anos: Eiquí medrou, loitou día tras día, e sobre todo, traballou".

Cando o neno Manolo chegou a Barcelona, os seus pais vivían en Maior de Sarriá. Fixo a primeira comunión na Eirexa de Santa Teresa, na que tamén foi monaguillo. Deste último consérvase foto co roupón e roquete. Faime lembrar os anos 1936-40 cando eu fun monaguillo nos franciscanos de Lugo. Parece ser que acudiu á escola de Santa Teresa, e, antes de facer o ingreso no Seminario, verificou a proba de ingreso no Instituto Nacional de Enseñanza Media Ausiàs March, no curso 1945-46 (7).

Cando só contaba once anos, o 13 de setembro do ano 1945 naceu a súa irmá Montse e o 13 de Maio de 1953 viu a luz do mundo a irmá menor, Conchita.

### **OS SEMINARIOS DIOCESANS MENOR E MAIOR E O SEMINARISTA**

Non contaba doce anos o rapaz Manolo cando ingresou no Seminario Menor Diocesán de Santa María de Montalegre, de A Conrería, no municipio de Tiana, do partido xudicial de Mataró, provincia de Barcelona. Foi no curso 1946-47. Eu penso, por experiencia propia, que a esa idade é difícil saber se se ten vocación. Con frecuencia hai outros motivos, como os de estudar para o día de mañá poder conquistar unha carreira, ou conquistar experiencias de convivencia, ou por outros motivos. Logo, cos anos, xa se pode falar máis se hai vocación ou non.

O Seminario Menor Diocesán de Santa María de Montalegre no fermoso paraxe de A Conrería, convertiuse en Seminario Menor no curso 1940-41, con 110 alumnos e catro profesores, según informe que me proporcionou o Rector actual, J. J. Masegosa. Porén, Joan Badà, di que foi cedido polos cartuxos a finais do ano 1939. O que me extraña é que o decreto de aprobación data do mes de decembro do ano 1942, cando xa levaba, por tanto, dous anos de aprobación da Congregación de Seminarios, de acordo co bispo. Quedaron establecidos catro cursos de latín, e no curso 1946-47, precisamente no que ingresou o estudante de San Miguel de Paradela, sumouse outro curso máis, é dicir, foron xa cinco os cursos de Humanidades (8).

Cando ingresou Manolo era Rector Mn. Luis Grau Serra, Vice-Rector José María Arnau Itarte, Secretario de Estudios Vicente Ample Ríos, Director Espiritual Joan Mas Rom e Administrador Joaquín Cucala Boix. Penso que algún destes foi tamén profesor. Dos dous primeiros cursos non teño máis nomes de personal. Xa nos cursos 48-50, terceiro e cuarto de Manolo, o Rector era Pascual Ortells Broch, e desde 1950 ata o 1957 o Seminario estivo rexido por Francisco Javier Altés Escribá. Entre o personal dos anos 1949 e seguinte figuran, ademais do xa nombrado Rector, Hipólito Rubio García, como director espiritual, José Serrano Montaliu, como Administrador e entre o personal de Superiores-Profesores: Juan Batlles Alarm, Jaime Fábregas Baqué, Francisco Llompart Romeu, Francisco Queralt Armengol, Felipe Cañas Guri, Pedro González Candanedo, e Juan Casas Rafart (9).

O Rector do Seminario Menor de Santa María de Montalegre. Mn. J. J. Masagosa, entre outras informacións, proporcionoume tamén as listas coa "Relación de alumnos matriculados" nos cinco cursos, e nas que aparece Manuel Rodríguez. Así, no curso 1946-47, Manolo ocupa o lugar 44 de 61 alumnos; na do segundo curso de 1947-48, ocupa o lugar 20. Nestes dous cursos parece que están na lista por orde de matriculación. Nos tres seguintes, por orde alfabética. Así, na do curso 3º ocupa o lugar número 30, de 45 estudantes (curso 1948-49); no cuarto curso ocupa tamén o posto 30. Eran 44 alumnos. Por fin no quinto curso, na lista de 39 aparece no 28 posto.

A estadía de Manolo no Seminario Menor penso que discorrería como a de calquer outro. Cadaquén adicaría os ratos libres á lectura, ós xogos e a outras actividades propias da idade. Entre os xogos tiña preferencia polo fútbol. Tamén facían excursións que logo el

describe nalgunhas poesías que xa entón escribía e das que falarei logo. Manolo nesa época xa escribía versos. As notas súas foron as dun estudante normal, máis ben direi dun bon estudante. Nunca levou suspenso. Entón as calificacións eran M (Meritus ou Aprobado), B (Benemeritus ou Ben), V (Valdemeritus ou Notable) e MM (Meritisimus ou Sobresaínte). Destaca a nota de notable, con tres sobresaíntes e algún aprobado (10).

Da clase de Literatura consta unha anécdota que el mesmo lle conta en carta, anos máis tarde ó xesuita Pai Xosé Rubinos, residente en Cuba. Dille que tivo un profesor da referida asinatura que un día dixo: "La Literatura Gallega es muy pobre. Sólo cuenta con dos nombres, Curros y Rosalía. En cambio, la lengua catalana tiene poesía, drama, teatro, épica. Una lengua sin épica, no se puede decir que cuente con Literatura". E Manolo na mesma carta un tanto tristeiro comenta: "A min sabíame moi mal non poder presentar unha xesta como *L'Atlàntida* ou *Canigó* do gran Verdaguer, e -engade a continuación-, por eso non podo menos de saltar de alegría o saber que tamén a nosa lingua conta cunha epepeia, *Covadonga...*" (11).

Moitos dos compañeiros de Manolo chegaron a ordenarse e posiblemente ocupan importantes cargos dentro da igrexa. Outros, como o noso biografiado foron influentes nos diferentes estamentos da sociedade.

Neste tempo escribe os primeiros versos en castelán, galego e catalán. Xa era tamén aficionado a coleccionar selos e moedas (12), aficións que conservou ó longo da súa vida, e xogaba ó fútbol (nunha das súas poesías queda de manifesto que nesa época era simpatizante do Atlético de Madrid).

### **No Seminario Maior Diocesán**

O Seminario Maior Diocesán situado na rúa barcelonesa Diputación foi construído polo arquitecto barcelonés Elías Rogent Amat, despois de non poucas vicisitudes. Elías Rogent, tamén foi o autor do proxecto da Universidade da Cidade Condal, entre outros edificios. Como escribe Joan Badà i Elías a historia do edificio do Seminario da rúa Diputación está intimamente vencellada ó final da estada do colexio da Rambla (13). Era Rector Josep Morgades i Gilli, que logo sería bispo de Vich e Barcelona (1826-1901) e bispo entón da diocese Josep María Urquinaona, gaditano, preconizado no 1878, inda que

os primeiros pasos xa os dera o bispo Joaquín Lunch. O edificio é de estilo neogótico con resabios académicos. Co bispo Morgades sendo inda Rector, escomenzáronse as obras. En setembro de 1899 entrou de bispo e publicou a pastoral *Nuestros propósitos*, que non foran outros que "los de concluir el Seminario incapaz de contener el gran número de estudiantes" (14) pero non puido ver cumprido o seu desexo xa que finou en 1901 (15). As obras foron entón confiadas ó xoven arquitecto Bernardino Martorell, morto en 1937. Era bispo outro antigo Rector, o Arcebispo Cardenal Salvador Casañas.

Pois ben, neste Seminario Conciliar ingresou Manolo Rodríguez, sendo matriculado no primeiro curso de Filosofía 1951-52. Cursou as asignaturas de Lóxica, Criterioloxía, Ontoloxía, Matemáticas, Relixión, Literatura Latina, Literatura Grega, Literatura Española, Historia Civil e Elementos de Pedagogía. Entón os seus pais vivían na rúa barcelonesa Hortal, número 22 e pertencían á Parroquia de Santa Teresa de Jesús. Cando termina o curso tiña dezaioito anos e neste ano celebrouse o Congreso Internacional Eucarístico de Barcelona.

### **NOIVADO E MATRIMONIO DE MANOLO CON IRENE LOPEZ GOMEZ. OS FILLOS ENRIQUE E SANTIAGO.**

Unha vez finalizado o curso primeiro de Filosofía no Seminario Diocesán Maior da rúa Diputación, Manolo unha vez máis foi de vacacións á súa terra natal, a Galicia e en especial a Paradela. Seus pais e en xeral a xente estaban convencidos de que voltaría, como en cursos anteriores, ó Seminario. Porén, quedaron sorprendidos ó comunicarlles a decisión de que non quería continuar a carreira eclesiástica por non sentirse con suficiente vocación. Novos horizontes se abrían para o xoven de Randulfe.

Por outra banda, Irene López Gómez, nacida no Páramo, filla de Enrique López Fernández e de Josefa Gómez Castro foise a traballar a Barcelona cun curmán da súa nai, home rico que ademais da riqueza en bens, era moi educado e de boas ideas. Irene, nos días libres do seu traballo, solía saír de paseo cunhas amigas. No Porto da Cidade Condal foi onde coñeceu a Manolo. E pouco máis tarde volvéronse a ver na Praza de Cataluña. As xuntanzas foron aumentando. As veces reuníanse con amigos e amigas, entre outros o Paco da Fonte. Xogaban á brisca. A Manolo sabíalle mal -o mesmo que me pasa a min- que lle "comeran" o tres co as (16).

Das décadas do 60 e 70, di Xesús Mato: "Manolo deixou a carreira, (despois de rematar Humanidades e Filosofía), e encamiñou a vida profesional noutra dirección. Atopou a muller da súa vida, Irene, tamén emigrante galega e case veciña, do Páramo, coa que casou e tiveron a regalía de dous estupendos e traballadores fillos (Enrique e Santiago) que están a segue-lo camiño do pai" (17).

Pero voltando un pouco atrás, a partir do 1956 en que se coñeceron Manolo e Irene, durante seis anos de relación acrecéntase o seu amor. Un amor que mana do máis profundo dos seus corazóns. Cando o destino fai que teñan que estar en lugares diferentes, demostran os seus profundos sentimentos nunha continuada correspondencia. As cartas de ambos rezuman o máis sinxelo e profundo agarimo. Manolo desde Barcelona e Irene desde Santa Inés. Con esforzo e sudor poideron aforrar uns cartos para edificar unha casa na rúa Hortal, que sería o nido daqueles dous amores ó contraer matrimonio na eirexa de Santa María Mare de Deu del Coll o 22 de xuño de 1962.

Bendixo o enlace matrimonial José Amengual Mayrata, M SSCC, sendo os padriños os amigos íntimos Josep Molins e Dolores Zolle e actuando de testigos José Valladares Brea e José Paps Subirats. Froito do amor deste matrimonio foron dous fillos, Enrique e Santiago, que naceron en Barcelona en 1963 e 1971 respectivamente e curiosamente, os dous o 2 de xuño (18).

### **A FORMACION HUMANISTICA DE MANOLO**

Nos seminarios barceloneses, tanto no de Montalegre de Tiana, como no da rúa Diputación, conqueriu unha moi importante formación humanística xa que, a máis das materias normais de bacharelato estudiou a fondo o latín. Estúdianse no Seminario os clásicos que hai que traducir con certa soltura. E non somentes traducilos, senón que tamén familiarizarse con eles. E todo eso puideron comprobalo eu en Manolo. Coñecía ben os clásicos latinos e estaba compenetrado coa lingua de Lacio. Coñecía a Cicerón, Tácito, César, Salustio ou Tito Livio, entre outros prosistas e, entre os poetas, sobre todo a Horacio, Virxilio, Ovidio. E puideron verificar os seus coñecementos non só lingüísticos, senón que tamén da Literatura e Mitoloxía Latina. Constatei como traducía con soltura a Salustio estando nunha ocasión na súa casa, ou como falaba con coñecemento de causa

estando en dúas ocasións en San Cristóbal de Chamoso na casa dos Aldegunde, falando co Arcebispo dimisionario de Tánxer, o meu gran amigo e excelente Humanista e Filósofo (nunha das ocasións estaba tamén Fole). E Manolo tiña tamén nada despreciables coñecementos da lingua e mitoloxía helénicas.

Nin que decir ten que o dominio do galego conquerido ó traveso dos anos, tanto nas frecuentes visitas a Galicia como na lectura dos principais autores galegos, como queda dito, así como co contacto con mestres como Basilio Losada, Alonso Montero, Casado Nieto e outros, foi moi importante. E se moi importante foi o dominio da lingua de Rosalía, tamén en Cataluña, e sobre todo en Barcelona mostrou gran dominio da lingua catalana. Xa no Seminario Menor conqueriu importantes coñecementos do catalán e nesta lingua escribe os primeiros escauceos de poesía. Coñecía a fondo, entre outros, a Verdaguer, Maragall e Salvador Espriu, do que traduciu ó galego *Cementiri de Sinera* (*Dorna, Expresión Poética Galega*, nº 9, p. 211). *Canigó, L'Atlàntida* e *Oda a Barcelona* son algunhas das obras do primeiro; de Maragall, entre outras obras familiarizouse con *Elogi de la poesia*, ensaio moi interesante, na que se expón a teoría da "paraula viva". De Espriu penso que "bebeu" non pouco da estrutura simétrica. Citarei entre algúns libros do escritor de Santa Coloma *Mrs Death* e *Final del Laberint*, entre outras. Pero onde se demostra o seu profundo dominio das linguas de Verdaguer e Rosalía é na extraordinaria tradución do catalán ó galego de *L'Atlàntida*, publicada pola Xunta de Galicia como obra póstuma no ano 1995 (19).

### **A RELIXIOSIDADE DE MANOLO**

A relixiosidade de Manolo aparece frecuentemente reflexada en moitas das súas poesías, sobre todo. Así, desde Barcelona, escribelle unha carta ó xesuita Pai Rubinos residente en Cuba, e adxúntalle un poema adicado á Eucaristía, "feito -di Manolo- por min perante o Congreso Internacional Eucarístico nesta cidá o ano 1950". A carta leva a data do 14 de Nadal de 1955, é dicir, cinco anos despois. Son cerca de oitenta versos. Entre outras cousas, di: "Os doce discípulos / Coa ledicia reloucan / O ver o Maiestro / Poñer nas súas bocas / O manxar da vida". Fala do "tres veces santo" e do precepto do amor: "Amaivos, filliños / Por amor o bon Dios..."



E tanto nos versos adicados á Eucaristía como noutros anteriores sendo xoven estudante de Humanidades en Tiana demostra que naqueles anos de Seminario os principios relixiosos quedaron estereotipados no fondo do seu ser. E así o demostra no Prego, en *Saudade no Bulleiro* falando do "númen diviño", "da ialma do vate cravuña", da "Virxe das Dolores" que "ten no colo a Cristo morto".

Ternura cristiá rezuma o poema *Nadal: Unha esperanza*. Fala de "Deus-Neno / no colo da naiña". O colo da nai e algo entrañable para Manolo. Dúas verbas ternas ata mais non poder. Fala da agonía de Cristo na cruz. Na *Oración a veira do Orbigio* demostra a súa amargura por tamaña desgracia dos nenos afogados e a súa alma rezuma ternos queixidos.

En *Onte e Hoxe Vivencial* adica un poema á "Virxe dos Ollos Grandes", onde demostra o seu respecto e veneración á patrona de Lugo, e nos versos nombra os "ferveiros da Virxen, o Rei Sabio, dona Urraca, Pedro Mezonzo, Odoario e San Froilán". E o seguinte poema, un soneto a San Roque, no que se refire ó feito de que pola súa intercesión "a cidade de Lugo e a poboación foron librados fai douscentos anos *duns xermes víricos arcanos*". En *Semella un sono* fala da Ofrenda do Antigo Reino de Galicia a Deus Sacramentado.

Pero cando Manolo deu grandes mostras do seu grande espírito cristián e relixioso foi cando en Barcelona, no Hospital Clínico, falou coa súa dona Irene de irse a confesar á Sagrada Familia, xa que o capelán non pasaba a visitar os enfermos por temor a que pensaran que era para insinuarlles a gravidade do seu estado. Pensaba que era como obligalos a confesarse. E Manolo, xa confesado, chamou ó crego a quen sermoneou de tal xeito que o convenceu a que pasara a visitar os enfermos. E que non tiña a obriga, nin a necesidade de insinuarlles de que se confesaran. O que o quixera facer, xa el mesmo llo diría. E en efecto, eran varios os que eles mesmos pediron ser escoitados en confesión. Unha simple visita de consuelo, interesándose pola saúde do enfermo, e o que queira confesarse, xa o pedirá. Manolo tiña razón. O seu "sermón" abriulle os ollos ó Capelán.

Non podo por menos de copiar uns párrafos do crego Xesús Mato que di: "Non quixera rematar esta pequena semblanza sen facer referencia á súa sensibilidade social e á súa fe-vivencia relixiosa. Comprende, estupendamente ben, que o amor e maila fe van sempre xunguidos e da man. Non se pode ser cristián sen ter presente na vida ó irmán,

sobre todo ó irmán máis necesitado, máis pobre. Manolo tiña esa idea moi firme e crara, e sempre presente, que "a fe debe ser acreditada nas obras, no amor concreto, na atención, na escoita, no agarimo e amor á xente..." (20).

Tamén en certo modo, inda que pareza unha contradicción, Manolo - que como ben dixo Xesús Mato non foi home de ritos, nin de cirimonias ou fórmulas valeiras de sentido" (21), en ocasións arremete contra certos costumes clericais, antepoñendo sempre a xustiza. Isto vese reflexado no apartado do seu libro inédito sobre Paradela *Alleos ó pobo. Simonía. ¿Ata cando?* Tamén nalgunha das súas poesías pode verse esta forma de pensar. Por exemplo en *Soldada Mínima* cando di: "Negareime a cantar e rezar / mentras haxa quen xure e quen chore" (22); ou en *Saudade no Bulleiro*, na poesía *Seica hai persoas*: "Dicen, contan e falan que pra Dios / todos somos iguais. / Será... / Calo!"

### **O EMIGRANTE**

Como tódolos galegos que nos vimos na obriga de emigrar, uns a terras estranxeiras e outros á mesma Península Ibérica, Manolo sentíase máis galego en Cataluña. Como escribiu Xesús Mato, "Manolo, como moitos dos nosos veciños, tivo que pasar pola gran proba da emigración, demasiado cedo. Os seis anos xa era, non só fillo de emigrantes senón tamén emigrante de feito. Foi destetado do seu pobo natal, do seu Randulfe querido, coma moitos outros dos nosos veciños, e mesmo parentes, de Paradela, de todo Galicia" (23). Eliseo Bayo, nun artigo na revista *Destino*, ocúpase de Manolo como o galego que deixa a súa terra, e di: "Poeta afincado en Cataluña que se convierte en conciencia viva de su pueblo... Manolo Rodríguez llegó en 1941. Tenía entonces seis años. Es sorprendente que no se le apagara en el espíritu el apego a su origen. Por el contrario, las costumbres lejanas, la lengua, las ideas, la saudade, se acrecentaron hasta transformarse en el haz de versos" (24).

Manuel Casado Nieto en "Dúas verbas a xeito de limiar" que escribiu para o libro do noso biografiado *Galegos en Catalunya (1978-1982)* fala dos galegos da diáspora que se establecen en Barcelona. E máis adiante engade: "Manuel Oreste R. L., movéndose sen folgo de acó para acolá na procura da noticia que poidera interesar e ao mesmo tempo tendese unha ponte entre a Galicia da casa e a da emigración" (p 8).

Unha proba que rezuma inquedanza, é a súa poesía *A Emigrante*, merecente do Primeiro Premio no *III Certame Literario de Villalba*. Nela fala: "Onte chegaches pra pedir traballo / que deixaches dona ós cativiños: o marido lonxe / nunha casoupa". Fala das "bágoas que te escocen" de "túa ialma esnaquizada", das "horas de descanso roubadas á noite..." E finaliza: "Eu canto á dona que en lonxanos eidos / soña os seus nenos / Eu canto á moza que en cidade allea / soña coa aldea / Eu canto á aboa que acanea a filla / da súa filla" (25).

Manolo, en cada verso das súas poesías, faise eco do sentir que latexa no seu peito e a pesar de estar lonxe da súa Galicia, sente a morte dos labregos galegos e verte "bágoas acedas". Lémbrese con nostalxia e melancolía de Paradela, da "Terra Cha" ou de Vilalba...

En *Saudade no bulleiro* ten poesías nas que, entre outras cousas, di : "Trinta longuísimos anos esmáganme a ialma / sempre rodeado de asfalto e ladrillo / cheo de reloxes, minutos e presas, homes que van desbocados, sen tino... Boto de falla o terrón / choro, magoado, no carcel da vila o meu sino, i ergo as palpebras ó ceo pescudando un indulto / pra cadea perpetua que vivo".

Lonxe de Galicia os galegos -cóntome entre eles- sentimos máis o noso amor á "terra nai" que nos viu nacer. E eu podoo decir que sinto máis nostalxia ó estar fora de Galicia, pero ó fin en España. E como ter cartos, pero non poder comprar algo que che apetece.

### **MANOLO POETA OBREIRO E AS FABRICAS GUERIN E OSSA**

Unha vez deixado o Seminario, no ano 1953, e despois de superadas non poucas dificultades, cun acervo cultural importante, puido entrar a traballar nunha empresa metalúrxica de electrodomésticos chamada GUERIN. Entrou como ordenanza por non contar con título oficial. Eu podoo asegurar o que esto presupón xa que tamén vivín esa mesma situación. Manolo foi un traballador exemplar e pronto se fixo acredor do aprecio dos xefes e compañeiros. Nesa empresa estivo vinteún meses. Porén, as súas aspiracións apuntaban máis alto. Con data de 15 de maio de 1957 convalidou os estudos de Humanidades e Filosofía, conqueridos nos dous Seminarios, polo título de Bacharelato Superior, concedido polo colexio de Ensino Medio Ausiàs March de Barcelona (26).

O día 1 de marzo de 1957 entrou a traballar na empresa OSSA (27), que anteriormente tivo outros nomes, entre eles o que se correspondía ás siglas R.P.H.E.P. Inicialmente a empresa dedicouse á fabricación e venda de maquinaria cinematográfica e de feito inda na actualidade existen algúns proxectores nalgún cine, produto do recoñecido prestixio no mercado. A empresa nese momento chamábase ORPHEO SINCRONIC, SOCIEDAD ANONIMA, de cujas siglas naceu a marca comercial OSSA. Máis tarde, os señores Giró, propietarios da empresa, decidiron dedicala á fabricación de motocicletas coa marca OSSA, coincidindo nese intre coas tamén históricas marcas MONTESA e BULTACO. Era en 1949.

As empresas que tiñan as siglas en inglés, por imperativo legal, víronse na obriga de cambialas. Así, ORPHEO SINCRONIC S.A. cambiou o nome polo da maquinaria antiga, é dicir, MAQUINARIA CINEMATOGRAFICA S.A., producíndose unha divertida permuta de marcas e produtos.

Manolo entrou na empresa con categoría de Auxiliar Administrativo, con Matrícula 438. En 1979 foi ascendido a Oficial de Primeira. Entre o persoal da OSSA contábase outro paisano lucense, amigo de Manolo, Alexo Pozo Díaz, natural de San Cristóbal de Chamoso - O Corgo. A súa casa é coñecida como "Casa do Alexo".

O fillo de Randulfe non perdía ocasión de aumentar os seus coñecementos. Cursou estudos de perfeccionamento de técnicas empresariais na especialidade de "Departamento de Personal y las Leyes de Trabajo y Seguridad Social" en Barcelona (21 de Decembro de 1978) e de Contabilidade. Con anterioridade tamén cursara "Teneduría de Libros" en Barcelona (26 de Abril de 1957).

Dos incidentes da empresa fala con frecuencia en cartas a Xosé Gómez, do Banco Pastor. Así, o 5 de outubro de 1979, fala doutro crédito de 40 millóns, pero, a pesar deso "está tambaleante a produción obreira" que "é corta a nómina, xa representa 20 millóns de pesetas mensuais". E fala da xornada completa e da posibilidade de paro parcial. Noutro do 27 de Xaneiro de 1984, escíbelle a Xosé Gómez se hai posibilidades de ingresar na súa entidade. "En la actualidad, -dice en castelán- trabajo en la empresa de Maquinaria Cinematográfica S.A.L. (Motocicletas OSSA) donde presto servicios desde hace 26 años y en la que ocupo el puesto de Jefe de Personal". A outra das crisis da fábrica alude nunha

carta ó citado Xosé Gómez a quen lle dice: "Temos almacenadas 500 motos, e así cobramos do paro e desa maneira xeramos capital... Esto é unha zarapallada a nivel nacional. Na Delegación de Traballo de Barcelona teñen 300 expedientes para resolver nestes intrres".

Por fin, no outono de 1984 cerrou a empresa OSSA, quedando xa no paro definitivamente. Naqueles anos coñeceu a Ramón Cassola (Valentín), Asesor Laborista con quen mantivo contactos, con relación ós asuntos laborais durante oito anos.

A fábrica impulsou a Manolo a escribir *Soldada Mínima*. No Limiar do mencionado libro escribe o Catedrático Dr. Basilio Losada: "Manuel Rodríguez é un poeta obreiro - ou millor tal vez, un obreiro poeta". O seu mundo "é o mundo dos arrabaldos industriais, dos transportes colectivos, do fume das fábricas, da lama dos camiños, dos bairros obreiros". E ó poeta do suburbio e da nave de montaxe, obreiro e poeta do suor e do esforzo". Entre outros títulos desenrola temas como "Póliza de accidentes", "O vello obreiro", "Rentables dividendos", "Contrato", ou "Crisis". Fala do patrón altivo, dos humildosos cadeliños. O tema obreiro vese reflexado ademais do mencionado libro, noutras poesías e en libros en prosa.

### **MANOLO E O SEU AMOR A GALICIA E A CATALUÑA**

Xa na súa xuventude, Manolo, estando inda estudiando Humanidades no Seminario Menor de Tiana, deu boas mostras dun afervorado amor a Galicia, amor que levaba metido no máis profundo da alma e no sangue que de seus pais recibira. Na súa nenez, cando retozaba polos camiños da súa aldea natal e na cidade de Barcelona perto dos seus seres queridos, sentía rebulir a calor da súa terra. Pero, como digo, foi desde a súa estadía no Seminario Menor cando xa sentiu de maneira moi fonda ese amor á terra nai, a Galicia, e cando empeza a familiarizarse cos libros de escritores galegos e viaxa nas vacacións a Paradela. Esta, co seu cruceiro, parece que foi esculpida, xunto co resto de Galicia, no seu ser e palpitan en cada unha das páxinas dos seus libros.

Manolo foi un acérrimo, pero ó mesmo tempo prudente defensor do galego. Isto demostrouno en máis dunha ocasión en que se lle reprochou que escribira na lingua de Rosalía. Entre outros casos cabe destacar a censura que neste sentido lle fixo Amador L.

Valcárcel: *¿Política castelán nos Seminarios?*, e a resposta contundente de Manolo titulada: *Sen renunciar ao castelán, gábome de escribir no idioma do meu pobo* (28).

Nunha das estrofas de *Ti es eterno (Soldada Mínima)* escribe acerca do galego: "Inda que se esborralle o idioma arrequentado polo pobo / a multiseccular fonía céltiga / non morrerá!". E remata dicindo "Erguete! / Esfrega os ollos e arreponde varil! / Calca forte e altivo polos teus vieiros! / Faite irmandiño defensor da fala dos abós!".

Tamén xa desde a súa xuventude sentiu a Cataluña, a Barcelona en concreto, como a segunda patria natal. Xulio Xiz trae atinadamente a conto frases do propio Manolo do seu libro *Galegos en Catalunya* que demostran o noso aserto. Tamén en *En memoria do meu pai*, artigo conmovedor de Santiago, fillo do poeta, fala dos "momentos da vida cotidiana, a maior parte da cal transcurriu tamén na amada Catalunya, mai adoptiva formadora e agradecida" (29). E o propio Manolo en máis dun caso así o fixo patente tanto en poesías como en entrevistas e nos seus libros. Non sen razón Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia, no prólogo da tradución de *A Atlántida* ó galego, escribe: "Manolo Rodríguez López, galego de nacemento e de corazón e catalán de adopción, é quen ten o mérito de emprender por primeira vez este tan encomiable labor da tradución ó galego da fermosa obra verdagueriana". O propio Manolo, nos fragmentos da tradución publicados en *Táboa Redonda* de *El Progreso* do 12 de Abril de 1989, un ano escaso antes do seu pasamento, confesaba: "Esta escolma da tradución que fixen ó galego do grandioso poema épico catalán é unha homenaxe ó país onde vivín e me formei dende neno". O President da Generalitat, Jordi Pujol, contestando á carta familiar na que se lle fixo chegar a tradución de *L'Atlàntida* ó galego, mostra o seu agradecemento e di que a súa publicación pola Xunta de Galicia é unha satisfacción compartida coa familia.

Non podo por menos de traer neste lugar o amor de Manolo á súa segunda patria nun soneto titulado *Catalunya* adicado ó seu bo amigo catalán Roger Canicio cuíos primeiros versos transcribo. Dí: "Dende neno que viñen a ista terra / Na roda da hirmandá - toca a tenora- / deume a mau Catalunya proteutora / e garimo a "Morena de la Serra". / Meu corazón agradecido encerra / un moimento que bagoas ledas chora / á adiantada de España, acollidora / do emigrante que ás portas súas berra."... (30).

Co gallo da presentación no Palau da Generalitat do seu libro *Galegos en Catalunya-2* en maio de 1986, dixo en catalán: "Catalunya és la Pàtria dels meus fills i ting l'orgull de dir que, sense deixar de ser gallec, em sento català" (Alborada, nº 1, Maio 1986, p. 17).

Darío Xohán Cabana, por outra banda, no Limiar do libro póstumo do poeta *Onte e hoxe vivencial* di: Manuel Rodríguez López xa reposa na terra que tanto amou. Na nosa memoria acouga a súa lembranza e o seu espírito está nos libros que deixou". Libros que rezuman amor a Galicia e tamén a Cataluña.

### **MARIDO E PAI EXEMPLAR. OS DERRADEIROS ANOS.**

Como marido Manolo foi todo un modelo, amante da súa dona á que sempre quixo con amor verdadeiro e pola que se desvivía. Tamén Irene se facía querer pola súa forma de ser garimosa e traballadora. Así que o seu fogar foi sempre un verdadeiro paraíso no que se xunguían as máis louvables inquedanzas polo benestar daquel niño de amor e de canto con el se relacionaba. E Manolo se foi un excelente marido non foi menos en calidade de pai, que ó unísono coa súa dona Irene, ambos souperon inculcar ós seus fillos as meirandes virtudes cívicas e morais. E estes fillos medraron ó amparo duns pais merecentes de todo o respecto, de sincera gratitude.

Despois que Manolo, como todos os empregados de OSSA, quedaran no paro no outono de 1984, non deixou de escribir e facía xestións por ver se atopaba outro traballo en Galicia, inda que en certa maneira abrigaba algunhas esperanzas de conquerilo en Cataluña, pero disto tivo que desistir por terse que trasladar no 1985 coa súa familia a Lugo. Afincado xa na cidade do Sacramento, facía viaxes esporádicas a Barcelona e xa no 1987 foi definitiva a súa estadía en Lugo. E desde que en 1973 conocera a Fole, viaxou na súa compañía e na doutros, como Benxamín Andrade, polos pobos da provincia lucense, viaxes que quedaron reflexados no libro *Viaxes con Anxel Fole*, publicado en 1988. Viaxes polo Cebreiro, Samos, Quiroga, A Veiguiña, San Andrés de Teixido, Chamoso e outros moitos. Nalgúns destes viaxes tiven a dita de acompañalo.

### **Viaxes a Alemania e Arxentina**

Entre as moitas viaxes que Manolo fixo por Galicia, quero lembrar a do ano 1981. Entre outras cousas presentoume a Fole a quen inda eu non coñecía personalmente. Con don Anxel e Andrade -a quen tamén me presentou- fomos a San Andrés de Teixido. Era o 6 de Agosto. Outro día, fomos Manolo e eu en busca do que fora o meu superior e gran amigo o Arcebispo demisionario de Tánxer, Francisco Aldegunde Dorrego. Dirixímonos ós franciscáns de Lugo e cando chegamos saía o Arcebispo e máis o seu chófer, sempre inseparable, Frai Pablo. Díxonos que os acompañáramos a pasear pola muralla. Previa presentación a Manolo, encamiñámonos á muralla. Eran case as nove, pero aínda o astro rei brillaba. Camiñamos pola muralla e, á altura da Rinconada do Miño abundaban as parexas, e non rezando, claro. Fixémoslle unha observación ó Pai Aldegunde que se non lle daba apuro con -clerman e pectoral- de pasar ante tales espectáculos. "No" -dixo. "Quando lo del Congreso Eucarístico Internacional de Barcelona en el 52, siendo Administrador Apostólico de Marruecos, fui con otro obispo, ambos de paisanos, a dar una vuelta por el Barrio Chino de la Ciudad Condal. No con ningún otro fin que el de observar el ambiente que se respira en tales lugares. Tenemos que conocer por nuestros puestos cualquiera que sea, en la sociedad, todos los ambientes buenos y malos".

Tamén viaxou Manolo, levándome no seu coche a San Cristóbal de Chamoso á casa dos Aldegunde e nesta segunda vez, acompañounos Fole. Fixo viaxes esporádicas a Asturias, País Vasco, etc. Fixo o "Camiño de Santiago" desde O Cebreiro e outra vez acompañou a Pujol, Presidente da Generalitat de Cataluña a Compostela. Foi en 1984.

Doutras viaxes xa se deixa constancia nas páxinas deste libro. Pero sobre todo quero dedicar uns espazos ocupándome de dúas viaxes a fora da Península Ibérica. A primeira foi formando parte do grupo *Saudade* de Barcelona á capital alemana de Baviera, invitados pola Peña de Munich que presidía Modesto Hermida, quen invitou á Escola de Gaitas e Danzas *Saudade* de Barcelona, que actuou conxuntamente no Festival de Folklore celebrado no *Circus Krone-Brau* e na *Festa da Cervexa* da capital de Land de Baviera. Esta información estouna transcribindo case ó pé da letra dunha magnífica crónica do desenrolo daqueles acontecementos dos que o propio Manolo deixou constancia detallada (31).

Da citada *Festa da Cervexa* continúa dicindo: "A participación dos representantes galegos a carón dos alemáns e de grupos de Italia, Inglaterra, Escocia, Bélxica, Suiza, etc.



revestiu -dinos- unha extraordinaria brillantez artística". Interpretaron varias composicións galegas e unha composición do director Jordi Mora. Asistiron autoridades da Xunta de Galicia, abrindo o acto o presidente bávaro Franz Josef Straus. Desfilaron polas rúas de Pinakothek, 56 carrozas, bandas de música e xentes ataviadas con traxes rexionais". No palacio de Oktoberfest- escribe algo máis adiante o propio Manolo- falamos con Ernesto Lagarón, Presidente de Saudade, un rapaz novo, de Fonsagrada, con gran fe no futuro da Escola", que segue puxante inda hoxendía. Manolo, como parte dos acontecementos, di que deixaron un grato recordo. Para non alargarme máis paso a falar doutra viaxe do poeta de Paradela. Desta vez tendo que cruzar o charco rumbo a Arxentina.

No ano 1986, co gallo da Semana de Lugo en Buenos Aires organizada polo Concello de Lugo, Manolo formou parte da representación presidida polo alcalde Vicente Quiroga e outras destacadas personalidades, entre elas Xulio Xiz, que formaban parte da Embaixada oficial lucense. Na capital bonaerense desenrolaron diferentes actividades como *A festa dos olivos* no Centro Galicia. Manolo deixou constancia das impresións da Semana de Lugo en Buenos Aires nunha longa crónica *Praza Maior* (1-1-87) na que, entre outras cousas, afirma: "Sen lugar a dúbida, a celebración da *Semana de Lugo en Buenos Aires* foi un acerto a pesar dos desastres de organización..." por parte dos anfitrións. Conta como se achegou Sánchez Millares, directivo da colectividade dende 1943 e presidente en dúas ocasións -do Centro Galego- para presentarlle a Xulio Xiz, admirado pola presentación que fixo en galego dos actos celebrados no Teatro Castelao rebordante de público". E fala do Centro Galego, das actividades culturais, do delegado de cultura da Xunta, Abel Vilela, da mostra de pintura contemporánea de sete artistas lucenses, do Hogar Gallego para ancianos... Unha crónica verdadeiramente completa.

A Semana de Lugo en Buenos Aires celebrouse dende o día 4 ó 10 de Decembro de 1986 organizada, como dixeran, polo Concello de Lugo en colaboración con diversas entidades arxentinas e españolas. Na Semana de Lugo en Bs. Aires, Xiz foi o coordinador da delegación galega (32).

Xa nos derradeiros anos Manolo viaxou con Jaime Delgado Gómez, figura eminente da Arqueoloxía Cristiá, do que Manolo era afervoadado admirador. Acompañouno en traballos de campo e nalgunhas conferencias en centros culturais de Lugo.

Neste tempo colabora en *Praza Maior* de Lugo, escribe en *El Progreso*, en *La Voz de Galicia* e noutros medios, intervén en programas radiofónicos e ultima a traducción de *A Atlántida*. Tamén escribe algúns outros traballos que se conservan inéditos, parte deles sen rematar.

Cando xa fixara definitivamente a súa estada en Lugo, ó desplazarse a Barcelona para facer unha revisión médica déronlle uns papeis para que os firmara aceptando ser intervido quirúrxicamente, pero el non quixo. Desto non se enterou ata máis tarde a súa dona Irene. Un día, estando escribindo no comedor, chegaron uns amigos da aldea e ela (Carminha de Grallás) iba a ingresar para ser operada en Lugo e díxolle Manolo: "Non lle digas nada a Irene, pois eu estou moi malo". Ela dixo: "Manolo, non me digas eso. Eu voume operar". A muller amiga non facía máis que decirlle a Irene: "Mira, facédelle unha boa revisión" pois esta amiga non se atrevía a decirlle abertamente a Irene o que pasaba.

En Agosto de 1989, en Lugo diagnosticábasele cancro de vexiga extendido a un ril e indícasele a necesidade de operarse, o que leva a cabo no Hospital Clínico de Barcelona. Autoriza o seu ingreso no dito hospital o Dr. Rafael Gutiérrez del Pozo o 23 de outubro de 1989 ás 14:22 e diagnóstícanlle ripernefroma, sendo operado o 7 de novembro do citado ano. A folla de alta leva a data do día 20 de Decembro de 1989. O médico operador foi o Dr. Bielsa (33).

Unha vez repostado volta a Lugo onde reanuda a súa vida normal e segue escribindo. Antes de facer a primeira revisión, o 13 de febreiro de 1990, falece na Residencia Sanitaria da mesma cidade a causa dun derrame cerebral.

A Manuel Oreste Rodríguez López a parca segoulle a vida, non digo na primavera, pero si antes do outono, no vran, na madurez, cando máis froitos podía darnos. Pero os altos designios así o quixeron e leváronnolo. Por iso ben podemos aplicar aquilo de que "*in paucis implevit tempora multa*".

**PASAMENTO. PROFUNDO PESAR. ENTERRO EN ADAI. A SUA DERRADEIRA MORADA**

A morte conmocionou tanto a xentes que o coñecían pola súa obra como pola excelente persoa que sempre foi. Este profundo pesar -claro está- abriu unha profunda ferida na alma da súa viúva, da súa nai, e dos seus fillos Enrique e Santiago, así como das súas irmás Montse e Conchita, da súa sogra e do resto dos familiares. Tamén o choraron os seus veciños de Randulfe, de toda Paradela. E por suposto o alcalde do concello Xosé Manuel Mato Díaz e o crego Xesús Mato Mato, seu veciño e íntimo amigo. E sentimos gran perda todos cantos nos honramos coa súa amizade, tanto os de Lugo e outras partes de Galicia, como cantos residimos na cidade de Barcelona. Tamén choraron a súa desaparición non poucos cataláns residentes na gran capital Barcelona e en Hospitalet, Mollet, Mataró e outras moitas poblacions onde o finado era moi querido. Unha vida segada pola parca inexorable a unha idade na que inda nos podía facer a regalía de moitos froitos do horto frondoso do seu estro poético. Os que non poidemos estar presentes, perto da súa dona e fillos e demais familiares, unímonos á súa dor mediante telegramas ou carta. Desde os primeiros momentos en que se coñeceu a súa morte a prensa e os medios de comunicación galegos fixéronse eco do seu pasamento. E de destacar o telegrama do Presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga Iribarne, que di: "Co máis fondo sentimento de abraio quixera transmitirlle a magoa que a todos nos deixa a irreparable perda de D. Manuel Rodríguez López, un home bo e xeneroso que soupo encontrar en Galicia e nas terras de Lugo unha fonte de inspiración intelixente e sempre esperanzada".

O día 14 de febreiro -paradoxa, xa que era o día dos namorados: San Valentín- foi trasladado desde Lugo a Santa Mariña de Adai, no municipio do Páramo. Pola tarde celebrouse a Misa de *corpore insepulto* e o sepelio, actuando de celebrante o crego Xesús Mato, asistido polo párroco de Adai, xa falecido, e por outros cregos da comarca, concretamente das parroquias de Cortes, Friolfe, Puebla, San Martiño, Saa, Villarmosteiro e Gondrame. O crego Xesús Mato, nunha oración fúnebre, tivo emotivas palabras para eloxiar as virtudes que adornaron a persoa daquel seu gran amigo. Tamén o párroco falou do finado. Pero o discurso do periodista Xulio Xiz, lido como el sabe facelo dando a cada palabra forza e calor, calou moi fondo nos corazóns dos asistentes presentes naquel acto de despedida. Foi o seu discurso un escrito cheo de fondo contido, expoñendo os tres grandes amores do poeta finado: esposo, pai e o seu gran amor que sentiu por Galicia. A eirexa quedou pequena e a Misa tivo que ser celebrada ó aire libre.

Estiveron alí presentes, como dixeran, o alcalde de Paradela e os de Sarria, O Páramo e Láncara, ademais de numeroso público desplazado desde a capital de Lugo e desde diferentes lugares da provincia. Atopábanse poetas, escritores e persoas doutros estamentos sociais. Tamén chegaron algúns de Barcelona. Os restos mortais descansaron no panteón familiar que a familia da viúva Irene tiña en Adai. Xulio Xiz, no texto que leu nos funerais, finalizaba así: "Coa nosa presenza, aquí, hoxe, declarámolo Amigo, Bon Home... Excelentísimo... verdadeiramente Excelentísimo e Señor".

E Sotelo Blanco tamén noutro artigo titulado "Avivecedor da vida galega" finaliza dicindo: "O seu pasamento deixa, dalgún xeito un espacio baleiro no noso espírito e na nosa terra". E logo: "Coa morte de Manolo Rodríguez os galegos de Barcelona perdemos un amigo e un embaixador inesgotable na nosa terra". Antón Grande, algunhas datas despois nun "Adeus a Oreste", publicado en *El Progreso* fixo alusión ás visitas do poeta á Redacción para facer viaxes pola xeografía galega e engade: "Eu sei que agora, cando chegue o verán, non agardarei a chegada de Manolo pola redacción disposto a levarse a Fole por eses camiños patrios porque os dous están agora no mundo dos bos e xenerosos" (34).

### **Homenaxes póstumas**

O vacío que Manolo deixou no ámbito familiar e tamén entre os seus amigos, é difícil de encher. Porén, fúmonos acostumando. Unha vez desaparecido de entre nosoutros, quedaban pendentes con el, endeudados, diría, algunhas entidades. Algunhas fixéronlle xusticia. Outras tardaron anos pero ó fin rendíronlle a homenaxe que merecida tiña. Así, ó día seguinte do seu pasamento, a Asociación de Radio e Televisión galegas, entre os dez galardonados co título de *Lucense do Ano*, figurando tamén o xornal *El Progreso*, déronlle dito título a Manolo Rodríguez e ó que fora párroco do Cebreiro Elías Valiña, a ámbolos dous a título póstumo.

Algo máis adiante, o 4 de novembro de 1990, a instancias do Alcalde de Paradela Xosé Manuel Mato Díaz, entregóuselle á familia o título de Fillo Predilecto de Paradela, nun emotivo acto no que estaban presentes a viúva Irene, a nai do poeta e as súas irmás, e os fillos Enrique e Santiago, ademais dun nutrido grupo de xentes de Lugo e Paradela. Falou o alcalde e ás súas verbas respondeu en agradecemento en nome da familia o fillo

Santiago. Varios autores lucenses: Paco Martín, Eloi Caldeiro, Xabier Rodríguez Barrio, Manuel María e Xulio Xiz leron trozos de poemas de Manolo e o cantautor de Becerreá Alfredo González Vilela ofreceu un recital de cancións musicadas por el sobre textos do noso biografiado. Tamén se proxectou un vídeo "Poesía na noite", producido por *Ophiusa* sobre o poeta en 1987. De todo esto fixéronse eco, entre outros medios *El Progreso* e *La Voz de Galicia*, anunciándose con anterioridade e logo, unha vez xa celebrados.

Ese mesmo día rendéuselle en Paradela outra homenaxe póstuma, gracias tamén ó entusiasmo e ás xestións do alcalde Xosé Manuel Mato Díaz, que non cesou no empeño ata facer realidade a adicatoria da *Casa de Cultura* do Concello a Manolo. Foi bendecida polo amigo, o crego Xesús Mato. Nesta *Casa de Cultura Manuel Rodríguez López* segue instalada a *Escola de Música* e na sala ensaia a Banda de Música. Conta cunha importante Biblioteca, Salón de Exposicións e conferencias e outros actos e é de suma importancia para a asociación cultural "O Barrido" da que é presidente Xosé López López.

Xosé Manuel Mato entre outras cousas, destacou a súa humildade dicindo "foi Manolo un home humilde, estudioso da súa terra, das súas xentes, que reflexou o seu sentir na literatura". Irene foi a encargada de descubrir a placa e o seu fillo Santiago deu as gracias en nome da familia.

E nin que decir ten e non sería xusto o esquencer a homenaxe que o propio *El Progreso* do 15-11-90 lle tributou incluíndo en *Escola* o poema que Manolo publicou en *Soldada Mínima* adicado ó seu fillo Sant Iago que se titula *Onde atopar a poesía?*

E quede aquí constancia da homenaxe que lle rendiu a Sociedade *O Penedo* de Barcelona cunha importante representación ó fronte da cal estaba a presidenta Iolanda Díaz en Agosto de 1991 en Adai "con garimosa lembranza pola súa colabouración e fidel amizade".

En 1995, ano do traslado dos restos de Manolo Oreste á súa Paradela natal, naceu o Premio Literario *Manuel-Oreste Rodríguez López*, cunha alta participación de traballos presentados de alta calidade. Foi gañador en poesía Agustín Hermida Castro coa obra *Entregado Joc Partit Crepuscular* e Beatriz Piñeiro Calvo, en narrativa con *El gato que se convirtió en mosca*. Foi outra das mostras de agradecemento e homenaxe á laboura do fillo

de Paradela. E desto, como doutros homenaxes, o "culpable" foi Xosé Manuel Mato Díaz, alcalde. O xurado estivo formado por Xosé Manuel Mato Díaz (Alcalde do Excelentísimo Concello de Paradela), Antonio Calvo Varela (Ilmo. Delegado Provincial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia), Xesús Mato Mato (crego, presidente de Auxilia), Xulio Xiz Ramil (Funcionario da Delegación Provincial de Cultura, escritor e periodista), Santiago Rodríguez López (fillo do homenaxeado), María José Fernández López (Secretaria do Excelentísimo Concello de Paradela) (36).

### **Homenaxe do Centro Galego de Barcelona**

Por fin, despois de oito longos anos do pasamento de Manuel O. Rodríguez, o Centro Galego de Barcelona adicoulle un fermoso e emotivo homenaxe. A "alma mater" de que se levara a cabo foi o cantautor de Becerreá Alfredo González Vilela, autor da música de varios poemas do poeta de Paradela. Nos actos do homenaxe estiveron presentes, chegados de Lugo, a viúva do homenaxeado Irene López e os fillos Enrique e Santiago así como a dona deste último Mary Carmen Otero. Tamén chegou de Lugo o Alcalde de Paradela Xosé Manuel Mato. Non puideron estar presentes, por motivos de forza maior, o crego Xesús Mato e Xulio Xiz, ambos importantes persoeiros nos eidos da cultura lucense e galega, pero mandaron escritos que leu Santiago, fillo menor. Estaban tamén presentes as irmás do homenaxeado Montse e Conchita cos seus esposos Félix Fernández e Jesús Escudero e a nai delas e do poeta Manolo, Consolación López. Entre o auditorio atopábanse persoeiros do mundo empresarial, cultural e outros estamentos como o empresario do Grupo VS, Jesús Vázquez Sánchez coa súa dona Irene Diéguez, o lucense Coordinador do Instituto Catalán de Nuevas Carreras, Lorenzo García-Diego Pérez coa súa dona, tamén lucense, Carmen Gómez, o dono do importante Restaurante "Medulio", o lucense José Luis López Fraga e non se pode esquecer ó fotógrafo Antonio Losada que en vida do poeta foi seu gran amigo e que sempre se atopa coa súa cámara disposto en calquer evento galego que se celebre en Cataluña a aportar a súa desinteresada colaboración. Abriu os actos o Catedrático de Filoloxía Galaico-Portuguesa, da Universidade de Barcelona, Basilio Losada Castro cunha excelente -coma tódalas súas- intervención sobre os aspectos da vida e obra de Manuel Oreste. Insistiu, especialmente no contido de *Soldada Mínima*, na vida da fábrica, no mundo laboral... E falou sobre os "Galegos en Catalunya" e sobre a traducción de *A Atlántida* e do dominio do idioma catalán polo homenaxeado. En nome da familia falou o fillo menor do poeta homenaxeado, Santiago, agradecendo a homenaxe e

deu lectura ós dous escritos xa citados de Xesús Mato e Xulio Xiz, acabando cunha fermosa carta de Otero Pedrayo a Manuel Rodríguez pola década dos sesenta. A continuación tomou a palabra o Alcalde de Paradela Xosé Manuel Mato Díaz que lembrou o moito que o fillo daquel concello fixo pola súa terra e polo que se lle nomeou *Fillo Predilecto* e se lle deu o seu nome á *Casa de Cultura*, instituíuse o Premio Literario anual que tamén leva o seu nome e, finalmente, cómo ós cinco anos do seu pasamento foron trasladados os seus restos mortais desde Adai para que, en Paradela, cerca do seu cruceiro favorito, descansasen. Fóronlle entregadas á viúva Irene un ramo de froes e unha placa conmemorativa do homenaxe. Na segunda parte actuou o cantautor Alfredo González cantando e á guitarra acompañado de Antonio Fernández coa flauta, Antonio Pérez, teclado e Antón Fernández, percusión. Interpretaron *O Muiño*, poema do homenaxeador, musicado por Alfredo González, *Soia*, de Rosalía, con música do mesmo compositor e unha emotiva improvisación musical dun poema do propio Alfredo adicado a Manolo. Foi unha homenaxe fermosa. Faltou a asistencia da Presidenta do Centro por enfermidade e no seu lugar presidiu os actos o Vicepresidente. O fin, saldouse a débeda que o Centro Galego de Barcelona tiña contraída co seu socio e cronista. Máis vale tarde que nunca (37).

### **A súa derradeira morada**

Manolo, como queda dito, fora sepultado en Adai-Páramo, de onde procede a súa viúva Irene e ten panteón familiar. Porén, algún tempo despois do seu pasamento atopouse entre os papeis familiares un *Testamento holográfico* manuscrito no que consta a súa vontade de ser enterrado na terra que o viu nacer facía 55 anos, é dicir, en San Miguel de Paradela, desexo que a súa familia e o alcalde Xosé Manuel Mato fixeron que fose realidade.

Como cabía esperar, oficiou o crego Xesús Mato, e Xulio Xiz, Antón Grande e Eloi Caldeiro leron algúns poemas. Asistiu a súa viúva, fillos e moitos amigos. A Banda de música de Paradela interpretou unha Marcha Fúnebre e o himno galego. Fíxose este traslado o 29 de Abril de 1995. Un escrito da Familia Rodríguez López titulado *O reencontro con Paradela de Manuel Rodríguez López* que publicou El Progreso, 27 Abril 1995 quero que sirva de broche e colofón.

### **O REENCENTRO CON PARADELA DE MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ**

Achégase o día do teu retorno definitivo ó fogar. Paradela, San Miguel, o cruceiro, agárdante tan ansiosos como Randulfe, que se aleda do reencontro definitivo co seu fillo.

A terra que te viu nacer vaite abrazar para sempre e recíbirate como Fillo Predilecto, honor merecido polo amor que lle amosaches ó longo de toda a túa vida e sinal da xenerosidade e gratitude das xentes de Paradela. Boas xentes, representadas polo teu amigo Xosé Manuel Mato, impulsor directo de que o teu regreso poida ser unha realidade, e responsable de que se che reciba cuns honores que, sen dúbida, che encherán a alma.

A fría morte non foi capaz de romper e ocultar o teu amor por Paradela, do mesmo xeito que non consegue trunca-la amizade fonda e firme, encarnada na persoa de Xulio Xiz. Como el ben dixo, contigo queda demostrado o rentable que resulta, espiritualmente, ser humilde, xeneroso e bo. Hoxe quero darche testemuña, pai, que con Xulio queda demostrada a fortaleza ilimitada da amizade verdadeira, compartida por moitas outras persoas que, cinco anos despois de que nos deixaras fisicamente, manteñen vivo o teu recordo, sen poder ocultar un brillo especial nos seus ollos.

O "horto do cruceiro" agárdate. Dende o teu novo fogar ergueraste cada día co máis tempraneiro dos reiseñores cantareiros e poderás sentir, á túa dereita, a proximidade do teu berce. Diante, as terras de Paradela ofreceranche vales e outeiros inzados de carballos e castiñeiros. O lonxe, albiscarás O Páramo e, moito máis alá, atopara-la túa terra adoptiva, Catalunya.

A túa emigración rematou, pai. Achégase o día no que o teu Reencontro con Paradela será definitivo.

Familia Rodríguez López

## **SEGUNDA PARTE: A SUA OBRA**

Nesta segunda parte da biografía de Manolo Oreste Rodríguez López ocupareime preferentemente da faceta de escritor, tanto en prosa como en verso, que fructificou nunha abondosa obra escrita na práctica totalidade en galego, aínda que esporádicamente escribiu tamén en castelán e catalán. Falarei dos libros publicados, dos inéditos, algúns destes derradeiros xa publicados *post mortem*, das traducións e das súas colaboracións na prensa, tanto en revistas como en xornais. Falarei dos seus poemas musicados, do conferenciante e das súas intervencións na radio.



Falo agora do ESCRITOR, primeiro do xoven, inmaduro, e logo do escritor na súa plenitude de madurez.

### **I.- O XOVE ESCRITOR**

Nunha entrevista que Xulio Xiz lle fixo ó noso biografiado e que apareceu nas páxinas de *El Ideal Gallego* do primeiro de setembro de 1977, preguntoulle cando e como empezou a escribir, e el respondeu: "Esto ven de que perante os meus estudos había concursos de poesía en catalán. Eu tiña un amigo de Santiago de Compostela que me regalou un libro de Rosalía de Castro. Comencei así a facer poesía galega e a introducirme na nosa lingua" (38).

Cando inda era moi novo e estudiaba Humanidades no Seminario Menor, xa apuntaron os primeiros escintileos de poeta, daquel xoven rapaz de catorce ou quince anos. O seu estro ou numen poético comenzou a dar os primeiros froitos, mostra de que se estaba fraguando un futuro gran poeta.

Destes anos, concretamente a partir do cuarto curso de Humanidades, contamos co que el titulou *Poesías Originales de Manuel Rodríguez López*. E unha mañiza de poemas en castelán, catalán e galego e sobre diversos temas, predominando o relixioso, algún de gran inxenuidade, propia dos primeiros anos. O primeiro está adicado a *El alma a la mamá del cielo*, non falta de certa espreita mística, pero cheo de inxenuidade, como xa o propio título dice. E un soneto o que denota os comezos do futuro Mestre que sería no manexo deste xénero poético. Séguelle *Felicitats*, no que pide bendicións para un rapaz que se vai ordenar. Hai outro *A Jesús Sacramentado, A María...*, varios poemas en catalán e castelán a San Pascual Bailón, patrón do Seminario e da Eucaristía, e á onomástica do Rector, Pascual; un en catalán titulado *Per molts anys*; outro que trata do último partido de Liga de 1949-50, do Atlético de Madrid, o que parece que era o seu equipo preferido. Unha poesía moi terna *A mi hermanita*, que vai con data do 4 de maio de 1950 e parece referirse á súa irmá Montse. No lugar 16 deste manexo de poesías orixinais de Manolo, por suposto inéditas, atópase unha adicada *A mi amado Jesús*, que consta de trinta e tantos versos, nos que parece que se mistura certo sabor místico coa tristura pola perda dalguén para el moi querido. Outra máis en catalán, *17 de Maig*, na que de novo insiste no tema do patrón San Pascual Bailón e na felicitación do Rector, na súa onomástica. Son vintasete versos

endecasílabos. Hai outras, pero penso que cabe destacar *El rusticado del 13-5-1950*, moi longa, na que conta un paseo dos alumnos de cuarto curso con descripcións propias da enfervorizada xuventude. Outra *Rusticació*, do 18 de Marzo de 1950 (aínda que é anterior vai en segundo lugar). Entre outras cousas di: "Con nuestras negras sotanas / Todos los seminaristas / Del cuarto curso, a Montgat..." E fala do "coche de hierro" (tren), do encontro cos teólogos, da parada en Premiá, dunha misa cantada por Mosén Campo... Fai descripcións da Eirexa, Premiá de Dalt. E fala da criada do cura, Luneta, honrada e fea. Son cento setenta e dous versos.

O segundo tomo de *Poesías Originales de Manuel Rodríguez*, contén unha serie sobre temas diversos. Porén, aquí xa as hai en galego e comeza cunha adicada a Galicia, na que expresa a nostalxia de estar lonxe da "terra boa que deixei / Lonxe moi lonxe de min / Pero que non olvidei / Porque é o mellor xardín / Que na vida conocín..." Dille adiós á súa "Galicia querida, a das gaitas e muiñeiras, a das belidas ribeiras, ó seu lar, a súa Mamaciña" Está datada en Tiana o 8 do 9 de 1950. Seguen neste segundo manoxo ou 2º tomo de Poesías inéditas: *Miña terra, Galicia, Miña terra* (outra), sen data. Hai unha de sabor místico *A María (El alma)*, dúas de verso endecasílabo nas que describe unha tormenta e de novo *Al Señor Rector*, outra á *Virgen* e *As Emigrantes*. As citadas ata aquí, incluídas nestes dous tomiños, foron escritas e datadas en Tiana aínda que nalgunhas figura Barcelona. Con estas aparecen outras posteriores de 1958, 1959 e 1962 adicadas á súa futura dona, Irene.

### **O ESCRITOR MADURO E OS SEUS MESTRES**

A xuzgar polo vocabulario incluído no seu libro *Saudade no Bulleiro* podemos decatarnos dunha progresión cara a madurez. Os cementos de tal evento estiveron nos seus pais, como el mesmo explica nalgunha das súas cartas, nas que di que os seus proxenitores sempre tiveron o orgullo de que non esquencera a súa lingua. El puxo desde moi xoven todo o empeño en aprender, sobre todo nos desplazamentos á súa terra nai, todo canto oía falar ós paisanos. E xa na visita que fixo a Santiago cando contaba dezaseis anos, fíxose coa obra de Otero Pedrayo *Vida Gallega* na que tamén bebeu algunhas das primeiras augas que regarían o ben preparado terreo, cuíos froitos logo xerminarían lozanos.

Pasan os anos e segue desplazándose a Galicia, e en San Miguel de Paradela e aldeas do entorno, armado de libreta e lápiz, ou boli, como me contaron Cándida (qepd, m. 1997) e Avelino de Randulfe, apuntaba tódolos nomes de apeiros de labranza, costumes, prantas, paxaros...

O través dos seus libros vaise notando cada vez máis o progreso cara a madurez, gracias ó cúmulo de palabras coas que cada día que pasa enriquece máis e máis o seu léxico. Estando aínda no Seminario Menor, faise con algunha obra de Rosalía, e, ademais de Otero Pedrayo, empápase na lectura de Xosé Rubinos, Cabanillas, Curros Enríquez, e outros. E deixado o Seminario, tamén os contactos personais con grandes mestres da fala galega. Por suposto a lectura das obras de Rosalía de Castro a gran poetisa da "terra meiga", a dos "Cantares Gallegos", "Follas Novas", etc. foi trascendental nas xa sinxelas fibras da delicada alma do poeta que Manolo Rodríguez levou dentro de sí. Nin tampouco podo esquecer o autor de "Queixumes dos pinos" ou da "Campana de anllóns", Eduardo Pondal. E nin que decir ten que o poeta de Paradela empapouse na lectura de Curros Enríquez, sobre todo en "Aires da miña terra". Tamén leu a Lamas Carvajal, Leiras Pulpeiro, Ramón Cabanillas, Noriega Varela, Gómez Ledo, López Abente, Taíbo e por suposto ós grandes escritores en prosa como o xa citado Otero Pedrayo, Risco, Anxel Fole, Ramón Piñeiro, Celso Emilio Ferreiro e outros contemporáneos e coetáneos como o citado Basilio Losada, Manuel María Fernández Teixeiro, Uxío Novoneyra, Darío Xohán Cabana, etc.

### **OBRAS DE MANUEL RODRIGUEZ**

E xa dou paso a falar de cada unha das súas obras. Dividirei este apartado en: A) e B) Obras publicadas en verso e en prosa respectivamente (ó pe de cada unha das obras poño algús dos testemuños de autores coa opinión que a obra en cuestión lles mereceu); C) Traducións; D) Obras inéditas e E) Colaboracións.

#### **A) Libros publicados en verso**

1.- *POEMAS POPULARES GALEGOS* (1968) Ed. Celta. Lugo, 1968

Encétase a súa andadura con este libro, que xa está esgotado. Entre outras testemuñas acerca desta obra atópase a de Neira Vilas que dixo: "Nos teus *Poemas Populares Galegos* vexo esa posición de compromiso definido coa Galicia que sofre, que é magoada por tódalas beiras. Pero ademais unha Galicia pousada no mundo, é dicir, no contexto doutras mágoas, como pode ser a agresión cruel: Vietnam" (39).

O voceiro galego do Centro Lucense de Buenos Aires dice deste libro que é o "rexo mensaxe dun poeta enxebre que recorda a súa terra con fonda e veril pena, acaso por estar lonxe. Os seus versos derreten xuventude, porque o autor é un home da nova fornada de intelectuais que din o que senten e saben o que din, e que ademais de poeta é un valente que non ten medo ás ideas" (Agosto 1969).

Antón Grande escribiu en *El Progreso* "é un libro de rachamento, de sentimento fondo do galego que ama á súa patria e sinte saudade dende outras terras" (40).

En artigo publicado en *ABC*, e firmado por J.F.F.: "Es un libro que se lee con gusto". "El camino iniciado por el autor es seguro". R. Vilaseca en *La Voz de Galicia* fala favorablemente. O mesmo José Traperero Pardo en *El Progreso*: "Felicitamos al joven poeta sarriano, que entra con clara y firme voz en el concierto de los poetas actuales, que hacen de sus versos herramienta constructiva para dar a Galicia el puesto que de justicia le corresponde" (41).

## 2.- SAUDADE NO BULLEIRO (1970). Ed. Celta. Lugo (esgotado).

Según o prologuista Roger Canicio "en este segundo libro de poemas de M. Rodríguez se advierte un esfuerzo constante, tenaz, para expresar su personalidad singular valiéndose de las formas puras y clásicas por las que siente predilección" e os clasifica de "versos de ritmo bien medido" nas solapas en catalán e castelán.

Neira Vilas, en carta desde La Habana do 4 de marzo de 1971, di: "Recibo o teu segundo libro. Chegoume fai unhas cinco días. Leino de vagar con ledicia, con emoción. *Saudade no Bulleiro* é un aporte intresante a nosa poesía de arestora. Hai nel ollada de oxe, óptica nova de mundo mediante o prisma dun home que sinte -ti- e que sabe expresar con verbas precisas tal sentir" (42).

E Antón Grande, no artigo citado anteriormente, di: "segue na liña do seu primeiro libro, inda que a carga social comenza xa a ser forte".

3.- *SOLDADA MINIMA* (1979). Edicións do Castro. Sada. A Coruña. Prólogo de Basilio Losada.

"Adicado a Basilio Losada e Xesús Alonso Montero, mestres e facho, Darío Álvarez Blázquez e Manuel María, poeta da 'Terra Cha', portas francas no meu camiño".

Basilio Losada no *Limiar* (p. 8) fala da "poesía máis nidia, e posiblemente máis eficaz tamén, que moita da poesía testemuñal feita en Galicia, dende un apriorismo político que Manuel Rodríguez non ten, nos anos derradeiros do franquismo". Na contraportada está reflexado o retraso de dez anos de *Soldada Mínima*. Di: *en 1969 non puido saír á rúa por "consello" da entón Dirección Xeral de Cultura Popular que "exerceu" unha censura diría que implacable.*

Sobre esta obra ocúpome dalgún xeito no capítulo da faceta de Manolo na fábrica - sobre todo na OSSA- xa que penso que lle inspirou parte dos poemas nela contidos: a calor das máquinas dos obreiros. Por iso, Basilio Losada, no *Limiar*, califica atinadamente ó autor como "un poeta obreiro ou mellor tal vez un obreiro poeta" (p. 7). E na *Hoja del lunes* di de do libro: "Poemario de hondo componente social" (44).

De *Soldada Mínima* e do retraso da súa publicación tamén se ocupa Xulio Xiz na entrevista que lle fixo ó autor en *El Ideal Gallego* (45).

Antón Grande, no lugar xa citado de *El Progreso*: "Ven a ser xa practicamente un poemario social"... "reflexo do mundo obreiro e emigrante, explotado, esquecido e incluso ridiculizado".

4.- *ONTE E HOXE VIVENCIAL* (1995). Edicións do Castro. Sada. A Coruña. Prólogo de Darío Xohán Cabana.

E obra póstuma, como se pode un decatar. O autor do Limiar ou prólogo, fala da vida do poeta "tronzada na madurez", ou do soneto perfecto e de "tecer o romance maior adicado a Mónica", ou "dunha melancolía de boa lei, unha nostalxia suave, unha brevísima contención", que "atravesan este brevísimo poemario que é a derradeira chousa de versos que o Manolo nos deixa en herdo a todos nosoutros".

5.- *A ATLANTIDA* de J. Verdaguer. Traducción de Manuel Rodríguez López. Xunta de Galicia- Consellería de Cultura. Dirección Xeral de Cultura. Vilagarcía de Arousa. 1995.

Leva unha pequena pero enxundiosa presentación de Víctor Manuel Vázquez Portomeñe, Conselleiro de Cultura, na que, entre outras cousas, encomia o labor de Manolo Rodríguez López por ser o primeiro en traducir ó galego a obra de Verdaguer, e engade, "Ninguén mellor ca el, poeta na nosa lingua e coñecedor a fondo da catalana, con ampla formación humanística e coñecemento da cultura e mitoloxías clásicas, para emprender tan difícil e fermosa empresa". Manolo traduce o *Prólogo* da segunda edición catalana e verdagueriana e as verbas de F. Mistral do 18 de xullo de 1877.

Á versión galega de *A Atlántida* de Verdaguer levada a cabo por Manuel Rodríguez, no xornal *El Progreso* do 2 de Marzal de 1995, dedícanse unhas liñas no apartado *Escaparate* e tamén en *El despertador* que firma Marta Becerra co título de *Verdaguer en gallego*, incluíndo foto do poeta de Paradela. Nómbranse os autores da portada e do prólogo e finaliza dicindo que considera que "la traducción de esta obra era fundamental para unir las culturas gallega y catalana". Equivoca a data do pasamento. Dí un par de anos cando eran cinco (46).

## **B) Libros publicados en prosa**

1.- *GALEGOS EN CATALUNYA 1978-1982* (1983). Publicacións Centro Galego de Barcelona. Cuberta de Anxo L. Baranga. Impreso en Sidograf S.A. Barcelona. Aparecen unhas verbas de agradecemento do autor e logo *Duas verbas a xeito de limiar* de Manuel Casado Nieto.

Deste primeiro volume de *Galegos en Catalunya*, Manuel de la Fuente escribiu no *Faro de Vigo* (47), entre outras cousas: "Manuel Rodríguez López... ha recogido en su *Galegos en Catalunya* los aconteceres de aquel Centro Gallego -e de toda Cataluña engado eu- desde 1978 a 1982 con paciencia de relator y de cronista muy de agradecer". E máis abaixo: "Puede sentirse orgulloso el Centro Gallego de Barcelona por haber apadrinado la publicación de Manuel Rodríguez López y puede sentirse orgulloso de su tarea".

Carlos de Arce, na presentación nos locais galegos da entidade de Cornellá coa presidencia dos Presidentes da Xunta de Galicia Fernández Albor e da Generalitat, Jordi Pujol, falou de dous libros do poeta de Paradela. De *Galegos en Catalunya* dixo: "Al leer *Galegos en Catalunya 1978-1982* me encontré con la agradable sorpresa del poder de síntesis que el autor tiene para asimilar una serie de ideas y de hechos, para luego, reducirlos y dejarlos en la cuestión esencial cuando habla de pintores, de literatos, de personajes e incluso cuando nos introduce en la Historia de Galicia." (48).

Na Irmandade Galega de Rubí foi Víctor Moro quen fixo a presentación, presidente entón, do Banco de España en Barcelona coa asistencia dos irmáns Pérez Guerra (Manuel Presidente do Centro Galego de Barcelona), do Alcalde de Rubí Miquel Llugany e Francesc Botella, Tte. Alcalde de Cultura da Generalitat. O presentador dixo, entre outras cousas: "*Galegos* nos conmovió a todos por la sencillez de la exposición en la presentación y su grandeza en humildad". Iolanda Díaz recitou o poema *A Emigrante* do autor de *Galegos en Catalunya* (49).

2.- *REENCONTRO COA ALDEA* (1983). Edicións do Castro-Sada (A Coruña), limiar de Xesús Alonso Montero datado en Sargadelos, 26 de Agosto de 1982. Nel fai un "retrato un pouco incompleto" do autor. Destaca o amor á aldea con inxenuidade moi propia do poeta de Randulfe. O libro está adicado a Benito Vilariño Penín, inspirador de moitos contos deste libro.

Antón Grande escribiu en *El Progreso: Reencuentro coa aldea* ven a ser unha recolección de contos recollidos na aldea e unidos dun xeito tal que representan o reencontro do emigrante coa aldea, narrando as vicisitudes e os costumes, festas, etc. que para el son unha novidade" (50).

Destá obra, Manuel de la Fuente escribiu no *Faro de Vigo* entre outras cousas: "*Reencontro coa aldea* es para mí, antes que nada, un exercicio de escritura gallega acreedor a un sobresaliente *cum laude*". E sigue: "Acostumbrados como estamos a oír - especialmente oír- un gallego híbrido, mal construído y de expresión facilona, al encontrarnos con un texto como el que nos ofrece nuestro autor tenemos que reconocer los castellano hablantes el caudal inmenso *da fala anterga* y de lo hermosa que es cuando se sabe emplear como es debido" (51).

3.- *GALEGOS EN CATALUNYA-2* (1985). Publicacións Centro Galego de Barcelona; impreso en Sidograf S.A. Prólogo de Xosé Filgueira Valverde, que entre outras cousas destaca a súa actividade de cronista do Centro Galego de Barcelona, sendo un dos galegos que "manteñen acesa a lumieira do espírito", "mensaxeiro do noso vivir".

De *Galegos en Catalunya-2* foron moitas as presentacións feitas por importantes persoeiros do mundo da cultura, sobre todo en Barcelona capital, en Rubí e outros lugares. Cabe destacar a presentación feita polo catedrático Basilio Losada no Palau da Generalitat. Afirmou -entre outras cousas- que "*Galegos en Catalunya-2* é a crónica dunha inmensa eficaz actividade sentida desde a base por unha comunidade de emigrantes -a de Barcelona- que se vai convertindo na capital da cultura galega". De todo esto ocupouse Ramiro Arca en *Galegos polo mundo*, en *El Progreso* (52).

Tamén Basilio Losada presentou o libro en Mollet-Barcelona, do que fala Jesús Rodríguez Espeso en *La Voz de Galicia*. No apartado de *El Ideal Gallego, Cataventos*, do 19-2-1986, Manuel V. Ferreiro di que "é a crónica puntual da vida dos galegos da diáspora nas terras catalanas, dos seus centros, irmandades, escolas, galerías, peñas, etc. que non queren perde-la identidade e loitan pola incardinación necesaria na vida naqueloutra comunidade". Tamén se ocuparon de *Galegos en Catalunya-2* en *Liceo Caixa Galicia*, de A Coruña en reseña de Leopoldo Clavería e outros medios informativos como *La Región de Ourense*, *Diario de Pontevedra*, etc. (53).

O alcalde de Rubí Miquel Lugany asistiu e fixo a presentación ó libro o xornalista José Iglesias nesta cidade catalana según *Diario de Terrassa* (54) a pesar de estar enfermo, e ofreceu todo o seu apoio á Irmandade galega e dixo que lle "apetecía estar na presentación".



Finalmente, no xornal catalán *Avui* (55), apareceu un artigo titulado: "*Presentat al Palau de la Generalitat* e co subtítulo: *Surt el segon volum de Galegos a Catalunya*, onde - en catalán- insiste na importante aportación da documentación sobre actividades das diferentes colectividades galegas en Cataluña, sobre unha emigración activa e organizada e consciente das súas orixes.

4.- *VIAXES CON ANXEL FOLE* (1988). Edición do Castro-Sada (A Coruña), Limiar de Ramón Piñeiro.

Libro moi importante e ameno e guía para coñecer os lugares que visitan con aportación de datos históricos de gran interese. Neste libro, como en *Galegos en Catalunya*, Manuel Rodríguez recolle crónicas publicadas anteriormente na prensa.

Trapero Pardo escribía, entre outras cousas, no xornal *El Progreso*: "Libro que se nota fue escrito *con amore* y con nostalgia por la pérdida del amigo. Pero un libro que es, además, un elemento informativo de los valores paisajísticos, monumentales y costumbristas de los lugares con Anxel Fole visitados, lo que hace que su lectura, además de interés por la persona y obra del escritor, sirva de atractivo para que el que no conozca los lugares que cita, sienta interés por conocerlos, ya que la descripción de monumentos, historias y leyendas de personajes que por algún motivo destacaron, se hace de un modo ameno y con un valor que yo llamaría también turístico" (56).

No mesmo xornal tamén Antón Grande ocúpase deste libro. E o mesmo se fixo en *Galicia 10*, na *Voz de Galicia*, en *El Correo Gallego*, entre outros (57).

5.- *FESTA DA VIRXE DAS DORES DE PARADELA 1989* (1989). Libro-programa das festas (esgotado).

### **C) Traduccións**

1.- "*VOLTA A ESPAÑA A PE*" (1990). Traducción ó galego do libro de Manolo Silva. Edición da Asociación Cultural Xermolos.

2.- A *ATLANTIDA* (1995). Traducción ó galego da obra de Jacint Verdaguer (Subvencionada pola Xunta de Galicia). Xunta de Galicia, Colección Varia, nº 1. Prólogo de Víctor Manuel Vázquez Portomeñe. Desta traducción, dada a súa importancia, xa falei no primeiro apartado das obras do poeta.

#### **D) Obras inéditas**

Foron publicadas en xornais e revistas ou atópanse inéditas.

#### **EN PROSA:**

- "*HISTORIAS, CONTOS E XENTES DE PARADELA*".
- "*VIVIMOS UNHA LONGA TRAXEDIA*" (peza teatral).
- "*O PARAMO*". Historia e crónicas do Páramo.
- "*VACACIONS EN GALICIA: VIVIR GALICIA*". Abondosas reportaxes de diferentes lugares de Galicia.
- "*LUGUESES*". Biografías de personaxes lucenses.
- "*SEMBLANZAS DE GALEGOS ILUSTRES*". (Castelao, Villar Ponte, Cabanillas, Celso Emilio, Lago González, López Ferreiro, etc).
- "*DICCIONARIO DE SINONIMOS GALEGOS*". Consérvase escrito polo propio Manolo un manuscrito en letra miúda ata a letra C cun total de 54 páxinas.
- "*REFRANS*". Tamén tiña recollidos boa cantidade de refrás.

Despois de operarse en Barcelona comprou as obras *Canigó* de Verdaguer e *Nausica* de Maragall con intención de traducilas ó galego.

#### **E) Colaboracións**

Manolo Oreste despregou unha grande actividade como colaborador en libros colectivos. Así podo citar "*HOMAXE O CHE*" (1970) La Habana, Cuba; "*A NOSA TERRA*" (de "Libro de Oro", no centenario de Ramón Cabanillas) Vigo, 3-6-1976; "*HOMENAXE MULTINACIONAL A CASTELAO*" (1976) Arealonguiña, Akal editor. Madrid; "*GALICIA NO ANO 1979*", editado en Vigo; "*JOSE M<sup>a</sup> ACUÑA*", publicado polas Diputacións de Pontevedra e A Coruña (1983); "*OS ESCRITORES LUCENSES*

*ARREDOR DE FOLE*" (1986) Edición do Excelentísimo Concello de Lugo; *"VOCES POETICAS"* (1987) Ed. Seuba, Barcelona.

Colaboracións en xornais, revistas e radio:

Publicou centos de artigos, sendo habitual colaborador dos xornais "EL PROGRESO" de Lugo; "LA HOJA DEL LUNES" de Lugo; "CORREO DE GALICIA", "NOS" e "ALBORADA" de Buenos Aires, Arxentina; "EL IDEAL GALLEGO" de A Coruña (corresponsal en Barcelona dende o 12-6-1980 ata 1985); "FARO DE VIGO" (corresponsal en Barcelona dende Marzo de 1983 ata 1986); "LA VOZ DE GALICIA"; "PRAZA MAIOR" do Concello de Lugo. Asimesmo, colaborou esporadicamente en: "EL CORREO GALLEGO"; "A NOSA TERRA"; "DIARIO DE PONTEVEDRA"; "VANGUARDIA OBRERA", "LUGO", do Centro Galego Lucense de Buenos Aires, etc.

Revistas: "ALBORADA", "BOLETIN" e "TREBOADA" do Centro Galego de Barcelona; "COORDENADAS" de Santiago de Compostela; "FOLLAS NOVAS" da A. C. Rosalía de Castro de Cornellà; "XERMOLOS" da A. C. Xermolos de Guitiriz; "DORNA", expresión poética galega; "LUCUS", boletín informativo da Excma. Diputación de Lugo.

Radio: Na radio tamén desplegau unha importante actividade. Dirixiu a sección *Galegos en Catalunya*, emitida no programa *A nosa Galicia* de Radio Miramar de Barcelona (1-1-81/30-6-81). Foi cronista do programa galego semanal de Radio L'Hospitalet a partir de 1981; colaborador de Radio Besós; colaborador de Radio Popular de Lugo en diversas ocasións: de Xuño a Setembro de 1989, emitíuse o seu espazo *Vivir Galicia*, dentro do magazine *Verano fantástico fin de semana*. E colaborou en Radio Nacional de España na Coruña, no programa *Nós*.

### **CRONISTA OFICIAL DO CENTRO GALEGO DE BARCELONA.** **OUTRAS ACTIVIDADES E CARGOS**

No mes de xullo de 1981 foi nomeado Cronista Oficial do Centro Galego de Barcelona sendo presidente de dita entidade Daniel Pérez Guerra (58), cargo que desempeñou ata o seu pasamento. Das actividades desenroladas polo Centro Galego, como

por outros extendidos por toda a xeografía catalana, principalmente polos da Cidade Condal (O Penedo, Saudade, etc.), ou polos de Hospitalet, Cornellá, Terrasa, Mollet... foi deixando constancia en crónicas que foron publicadas en xornais e revistas e que logo viron a luz pública en dous volumes co título de *Galegos en Catalunya*.

Falando desta faceta de Manolo Oreste, Antón Grande, en artigo titulado *Adios a Oreste*, publicado na sección de *Táboa Redonda* de *El Progreso* escribe: "Tamén exercía de notario de todo o acontecer dun pobo, o galego en terra allea, Cataluña". E o mellor xeito de exercer de notario non era outro que colaborando con diversos xornais galegos, informando puntualmente de todo aquel evento social, económico ou político e cultural que levasen a cabo os galegos residentes en Catalunya. E logo engade: "Das súas crónicas catalanas deixou dous libros que veñen sendo unha semblanza do acontecer galego en Catalunya e incluso dos xunguimentos xurdidos entre cataláns e galegos" (59).

Ademais de Cronista Oficial ostentou cargos como o de Membro do Comité da Peña do Penedo desde marzo de 1982 ata xuño de 1983, data na que se constituiu en sociedade O Penedo-Fogar Galego e se formou nova directiva. Tamén foi Secretario do Centro Galego de Barcelona (28-8-1985 ó 11-10-1985) data na que cesou ó trasladarse a Lugo.

### **Outras actividades literarias**

Desplegou outras importantes actividades como as que se mencionan a continuación. Acadou importantes premios literarios e recibiu condecoracións e homenaxes inda que por parte dalgunha entidade estiveron en débeda con el durante nove anos. Por fin, inda que tarde, fíxoselle xusticia.

Exerceu como Secretario do III Concurso Literario "NOS", convocado pola agrupación "NOS" de Sabadell (Maio-1981).

Pronunciou o Pregón das festas de S. Vitorio (Baralla) (28-8-1981); conferencia en Mollet sobre Armando Cotarelo Valledor (19-5-1984); conferencia en Mollet sobre Casado Nieto (Febreiro-1985); conferencia no "VI Curso de Folklore Galego", coa charla-coloquio sobre "CONTOS POPULARES" (1-4-1988).

Fixo a presentación dos XII Domingos Folklóricos de Portomarín (programa) (1982).

Formou parte do xurado no premio Begonte (Xaneiro-1986); no XVI Certame Literario "MEIGAS E TRASGOS" (1987); no "XII Concurso Periodístico Begonte y la Navidad" (Xaneiro 1988); no XIV Certame Nacional de poesía sobre o Nadal (Xaneiro 1990).

Deu recitais poéticos como o da Praza Sta. M<sup>a</sup> de Lugo con motivo dos actos de Homenaxe a Anxel Fole, organizados polo Concello de Lugo (1986); Recital literario - prosa-, organizado polo Instituto Anxel Fole de Lugo (19-5-1988); recital poético na VI Romería dos Muiños de Busnullán (4-7-1989).

### **Premios**

Moitos dos seus traballos, tanto en verso como en prosa, foron merecentes en repetidas ocasións de premios tales como:

1º premio "MEIGAS E TRASGOS" de Sarria, polo poema *TI ES ETERNO* (1976).

1º premio do Axto. de Vilalba, polo poema *A EMIGRANTE* (1977).

2º premio -prosa- "MEIGAS E TRASGOS" de Sarria, polo conto *A MEIGUIÑAMEIGA E OS TRASGOS* (1977).

2º premio -prosa- do Centro Galego de Vizcaya en Baracaldo, polo conto *BAIXA VOLUNTARIA* (1978).

3º premio do III Concurso Poético de Begonte polo poema *PELENGRINOS AO BELEN DE BEGONTE* (1980).

Accésit e Diploma de Honor do Concurso Literario Nacional de Gastronomía, celebrado en Lugo, polo soneto *GABANZA DO PORCO* (1980).

1º premio -prosa- "NOS" de Barcelona, pola peza teatral *VIVIMOS UNHA LONGA TRAXEDIA* (1980).

1º premio "MEIGAS E TRASGOS" de Sarria, polo poema *NEOPLASIA* (1980).

2º premio "MEIGAS E TRASGOS" de Sarria, polo soneto *A CASTAÑEIRA* (1983).

1º premio do Certame Literario "PREMIO BEGONTE DE POESIA", polo poema *NOITE DE NADAL* (1985).

Finalista dos "PREMIOS GALICIA DE XORNALISMO", na sección de "REPORTAXE", nas convocatorias de 1985 e 1987.

2º premio -prosa- "MEIGAS E TRASGOS" de Sarria, polo conto *QUEN ME DERA ATOPARME CO TRASGO* (1986).

2º premio no XIII Certame Periodístico "BEGONTE Y LA NAVIDAD", polo traballo *O BELEN DE BEGONTE ARMONIZA O MISTERIO DO NADAL COA PAISAXE E A LINGUA GALEGA* (1989).

### **Condecoracións e homenaxes**

Polos seus méritos nos diferentes ámbitos da cultura e pola súa valía persoal foi acreedor de varias condecoracións despois do seu pasamento:

FILLO PREDILECTO DO MUNICIPIO DE PARADELA A TITULO POSTUMO (1990).

LUCENSE DO ANO 1989 A TITULO POSTUMO (1990).

INAUGURACION DA CASA DE CULTURA "MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ".  
Paradela, 4-11-1990.

CREACION DO CONCURSO DE NARRATIVA E POESIA "PREMIO LITERARIO MANUEL-ORESTE RODRIGUEZ LOPEZ" polo concello de Paradela (Lugo).  
Primeira edición celebrada no ano 1995.

Tamén se lle renderon homenaxes tanto en vida como postumamente. Así:

Homenaxe de "OS VALUROS", no Teleclub de Castro de Rei (Lugo, 1979).

Placa homenaxe da Peña Castelldefels (1980).

Medalla conmemorativa do I Festival-Certame de Música Galega de Barcelona (27-6-1981).

"Viera de Prata", co gallo do Pregón pronunciado en Baralla (Lugo) o 26-8-1981.

Placa "Agradecimiento por su colaboración" no Día do Mexilón, Barcelona 1982.

Placa da escola de gaitas e danzas "Saudade" de Barcelona (24-10-1983).

Insignia da Xunta de Galicia, entregada polo Conselleiro de Turismo (Festa da Cociña Galega 1983).

Cea-Homenaxe en Rubí.

Homenaxe do Centro Galego ós escritores galegos de Barcelona (Marzo 1983).

Homenaxe e Placa en Mollet del Vallès (1-2-1986).

Homenaxe póstuma en R. M. Radio, por Manuel Fernando e Alfredo González (24-2-1990).

Homenaxe póstuma en Paradela (4-11-1990).

Homenaxe póstuma da Agrupación O PENEDO-FOGAR GALEGO en Adai (14-8-1991)

O pouco tempo do pasamento de Manuel Oreste, na Semana Santa, fóronme entregados por Manuel Rivas Reiña o pasaporte e diplomas de nomeamento como Deputado do *International Parliament for Safety and Peace Incorporated in the United States of America (Department of Foreign Affairs)*, do que é Presidente su Beatitud, Arzobispo e Patriarca da Eirexa Ortodoxa, Viktor Busa, que entreguei á súa viúva Irene.

### **POEMAS DE MANOLO MUSICADOS**

Non podó pasar por alto falar dos poemas de Manolo que foron musicados e cantados por algúns galegos que destacaron nos eidos desta fermosa arte que é o mundo da música.

Moitas das figuras que en Galicia destacan como cantautores saíron do Seminario lucense, onde, como dixo o propio Manolo aprenderon "música a carón do gran mestre Xosé Castiñeira Pardo". Un destes persoeiros, discípulos do mestre Castiñeira é Alfredo González Vilela, (n. Becerreá, 1951) que de seminarista tocaba o saxofón, que actuou con María Manoela, con *Fuxan os Ventos* e con outros grupos, sendo unha das *alma mater* de *Petapouco*, xunto a outros paisanos do Centro Galego de Barcelona. Todos estes datos aparecen en *¿Quen é Alfredo González?* que a modo de Limiar escribira o propio Manolo para *Dende Lonxe*, do que é autor o propio Alfredo, amigo entrañable do poeta Manolo. Pois ben, este cantautor musicou e cantou varios dos poemas do libro *Soldada Mínima* e deu recitais en *Galicia de Noite* de Radio Popular de Lugo, e en Vigo, Ourense, Barcelona, etc., sendo de destacar que *post mortem* do chorado poeta musicou *O muiño*, poema fermosísimo adicado ó muiño da Fervedeira de Lugo e outro poema, *Cismando*, sobre a muralla lucense, un paseo coas néboas do Miño. Ambos fermosos no seu contido poético e na música inspirada e de melodiosos sons que deleitan os ouvidos cunha delicada sensibilidade que fai tremer as fibras da alma.

Xerardo Moscoso, fillo de emigrantes galegos (n. en Torreón-Cohanilla-México, 1945) estudou Medicina en Compostela. Cantautor, autor de varios discos, cofundador de *Voces Ceibes*. Compaxina a profesión de psicólogo cos recitais en Galicia, Cataluña, Portugal, Francia, Suiza, Italia e Alemania. Vive en México. Musicou letras de Cabanillas, García Bodaño, Alvarez Tornero e de Manolo Rodríguez López. Do noso poeta púxolle música a *Leva os aforros pro banco*, que foi editado no L.P. Acción Galega, produción de EMI-ODEON, S.A. de Barcelona.



Suso Vaamonde musicou e cantou *Que ten o meniño* e *Vestida de aldraxe* editados no L.P. *NIN ROSMAR UN LAIDO*, produción Movieplay Serie Xeira-(P) 1977. O mesmo Suso Vaamonde musicou e cantou *Negareime* e *Os labregos*, publicados no L.P. *LIMIAR*, editado por Dial Discos, S.A. Madrid-1979.

### **CORRESPONDENCIA**

Unha das fontes importantes de información histórica para coñecer algúns feitos da vida de persoeiros obxecto de estudo, as súas vivencias, etc, son as cartas escritas destes mesmos persoeiros. No caso de Manolo Rodríguez, as cartas del a outros e doutros a el, son dunha riqueza de datos de moito interese. E gracias a Irene López e ós seus fillos, Enrique e Santiago, puiden contar, entre outras moitas aportacións, cun impresionante feixe de cartas de Manolo a outros persoeiros de diferentes estamentos da sociedade e da cultura galega e destes a Manolo. Por iso, ademais de entresacar datos que aparecen neste libro, decidín adicar un apartado resumindo o contido dalgunhas destas cartas escritas por ambas partes. Dividirei pois este apartado en dúas seccións: A) *Cartas de Manolo*; B) *Cartas doutros a Manolo*.

Entre os principais nomes de persoeiros que figuran no apartado B cóntanse Otero Pedrayo, Ramón Cabanillas, Filgueira Valverde, Celso Emilio Ferreiro, Manuel Puente, Xosé M. Carballo, Centro Galego de Buenos Aires, Xosé Rubinos, Xosé Ramón Fernández Oxea (Benchosei), Roger Canicio, Alonso Montero, Ramón Piñeiro, Anxel Fole, Darío Álvarez Blázquez, etc.

#### **A) Cartas de Manolo**

Son de sumo interese. Reflexan a súa personalidade e aportan importantes datos. Son cartas nas que se mestura a sinxeleza do estilo coa súa acusada personalidade. A maioría destas cartas son borradores, con correccións e pode percibirse o avance no perfeccionamento do seu modo de expresarse na lingua de Rosalía. Xa sendo aínda seminarista en Tiana con catorce e quince anos estivo en contacto epistolar co crego Eduardo Roig, residente en Cuba, interesándose pola Filatelia. E o mesmo fai con Xesús Rodríguez, residente en Newart-USA.

Xa entresaquei en apartados anteriores os datos de interese para esta biografía e neste capítulo resumo algunhas das cartas máis sobresaíntes sen menoscabo doutras de non menor importancia, pero que farían longo en demasía este apartado. Quero porén advertir que sería moi importante que algún día se publicara en forma de libro unha escolma epistolar. E feita esta observación paso xa a falar dalgunhas destas cartas. Así pois desde Barcelona a 11-7-1955, escíbelle ó Pai xesuita Xosé Rubinos residente na Habana. Faino en castelán, e preséntase como lucense, residente en Barcelona desde os seis anos, que fala ben o galego e isto o debe ós seus pais, que sempre tiveron o orgullo de que non esquecera a nosa lingua. Tamén lle di que estudiou seis anos no Seminario: cinco de Humanidades e un de Filosofía. Nómbralle libros de Literatura que leeu. Libros de autores como López Guerrero, Cabanillas etc. E mándalle unhas poesías súas. Dille que o coñece por artículo publicado en *VIDA GALLEGA*, na 2ª época escrito por Gamallo Fierros. Nombra o novo Rexurdimento da Literatura galega, de Almoina Mateos e fai alusión a certo profesor de Literatura que tivo no Seminario que lle dixo que os galegos non temos figuras. Tan so dúas: Curros e Rosalía, e móstralle o pesar que esto lle causou. Pero logo mostra ledicia porque incluso Galicia conta coa epopeia *Covadonga* escrita en galego tamén por un crego (o pai Rubinos). Quizas tamén isto influíu en que acometera a empresa da tradución de *A Atlántida* que anteriormente se mencionou.

Recollo a continuación unha carta a Ramón Otero Pedrayo, con data en Barcelona, en xullo de 1956. E o primeiro contacto co ilustre escritor ourensán. Comenza pedíndolle perdón polas molestias que lle poda causar e logo preséntase: "Eu son de Paradela de Sarria e levo 16 anos en Barcelona a onde viñen ós 6 anos. Estudiei 6 anos no seminario desta diócesis e agora traballo nunha oficina. Gracias a meus pais que sempre me faloron na nosa fala gardo inda un amor grande ó galego e é moita a afición que teño polas nosas letras. Cando no ano 50 fun a Galicia e visitei Santiago perante 8 días ouvín falar de Vostede por boca do dono onde eu vivín nesa cidá e comprei a súa obra *VIDA GALLEGA* que tanto me valeu, cando despois visitei A Coruña, Ferrol, Lugo, etc." Penso eu que nise etc. estará Paradela. E prosigue: "Este primeiro contacto coa súa obra foi moito do meu agrado". Fálalle doutras obras, pero diso ocúpome noutro lugar deste libro. Móstralle, finalmente a gratitude polo moito que traballou -Otero Pedrayo- polo ben das nosas letras e pídelle o parecer seu duns versos que lle manda e finaliza co seu agradecemento.

O mesmo Ramón Otero Pedrayo escríbelle outra carta datada tamén en Barcelona a 29-VIII-1957. Acúsalle recibo e agradece o seu parecer polos versos e dille: "Como ó millor se terá decatado, os meus sonetos ás grandes cidades galegas están inspirados na súa *Guía de Galicia*, inda que mal postos en verso, xa que eu mesmo me dou conta que repito moitas palabras por ser pobre o meu vocabulario, que espero enriquecer, inda que me falta o contacto co pobo dende corta idade". Co pobo galego se entende. Agradécelle que lle mostre "a súa maneira de pensar diste meu traballo cativo, e me dixera si algo máis traballados podían ser merecedores de publicación. Tamén lle agradece o poña en contacto con algunha organización de escritores novos para poder chegar ó fondo do estudio da nosa Literatura e publicar os meus versos".

En 1966 escríbelle a Ramón Cabanillas, e como fixo con Rubinos e con Otero Pedrayo, preséntase. Fálalle do amor a Galicia, a cal nunca esqueceu, e das súas visitas nos vras. Dille que leu *Meu carriño cantareiro*, *A espada Escalibur*, *O sono do Rei Artur*, etc. Tamén lle di do moito que poideron adeprender os novos nesas obras. Fálalle de Curros Enríquez e de Rosalía con grande orgullo e gabanzas por ter Galicia tan grandes autores.

Na década dos anos setenta escríbelles algunhas cartas a Ramón Piñeiro falándolle de temas culturais e da posible publicación dalgún dos seus libros na Editorial Galaxia.

Hai outras importantes, ó propio Cabanillas, a Filgueira Valverde, a Walter Fugarolas do Padroado de Cultura Galega en México, a Celso Emilio Ferreiro, a Xosé Neira Vilas, Xosé Gómez, etc., pero teño que omitilas en honor á brevedade.

## **B) Cartas doutros a Manolo**

E xa paso ó seguinte apartado do capítulo CORRESPONDENCIA. E debo insistir que foron moitos os persoeiros que intercambiaron correspondencia co biografiado. A comunicación epistolar xa sendo seminarista de poucos anos, ademais, claro está, do intercambio do rapaz e a familia, foi desde entón frecuente. Entre as primeiras que recibe hai algunha do crego Eduardo Roig, mandándolle selos desde Colón-Cuba e dalle algúns consellos. Tamén lle escribe Xesús Rodríguez desde Newart, en Estados Unidos, e pregúntalle os motivos de deixar o Seminario e se ten novia.

Ramón Cabanillas, con boa letra, desde Baracaldo (22-1-56) trátalo de "meu bo paisano e xa amigo" e engade "os meus oitenta anos... cheo de achaques". Dille que lle flaquea a memoria e fala da publicación en Buenos Aires da súa obra completa. Tamén lle lembra que el foi seminarista tamén en San Martín Pinario. Outra desde Cambados, con letra temblona, dous anos despois, dirixida á Calle Hortal de Barcelona.

Celso Emilio Ferreiro, desde Caracas, o 24-Marzal-1968, móstrase agradecido pola súa carta na que se sinte falagado. Dille: "A súa condición de mozo, traballador e poeta son pra min tres vencellos imprescindibles que valoran a súa carta por enriba de todo. Si por engadido procede dun galego, entón a cousa é unha regalía". Fala da edición bilingüe de *LONGA NOITE* e do que pensan os comentaristas e emite outras reflexións. Gustaríalle recibir o seu libro de poemas no que toca o problema da diáspora (*Saudade no bulleiro*). Tamén lle fala da amarga experiencia e da colectividade desastrosa, salvo algunhas minorías. Como se pode ver, é toda unha experiencia dun emigrante galego. Neses anos, o emporio encetado nos cincuenta estaba xa en declive.

O 27-IX-69, Walter Fugarolas, do Padroado de Cultura Galega en México acúsalle recibo de *Poemas Populares Galegos* que califica de magnífico e promételle facer o comentario.

No 1969 -11 de xuño- está datada na Habana unha carta de Xosé Neira Vilas acusando recibo do seu libro de poemas populares. Faille reflexións acerca da importancia de escribir en galego. E noutra do 4-3-71 acúsalle recibo do segundo libro que dice leu con "ledicia e emoción". *Saudade no bulleiro* -di- é un aporte interesante á nosa poesía de arestora". Fai un eloxio e dalle ánimos a seguir "por ese vieiro, no que tés xa un lugar de cantor da Galicia magoada, sofrinte, que terá de erguerse dunha boa vez".

De Ramón Piñeiro hai unhas cantas cartas a partir da década dos anos setenta. Fala dos seus viaxes a América, da Editorial Galaxia e dos libros e outros temas culturais.

En carta datada en Buenos Aires, Manuel Puente, do *Correo de Galicia* de Buenos Aires en marzo de 1969 acúsalle recibo do seu libro do que se derrete en eloxios, entre outras cousas, da "boa calidade poética". Pídelle un poema para un extraordinario do Día

da Letras Galegas. E noutra do 20 de San Xoán do mesmo ano, trata do envío de Ben-Cho-Sei e fala de Basilio Losada e Costa Clavell.

E xa para rematar este apartado de cartas de persoeiros a Manolo, fágoo con dous importantes nomes de escritores de primeira liña. Refírome ás cartas do xesuíta coruñés Xosé Rubinos, residente en Cuba, autor dunha importante produción literaria entre a que se atopa o poema épico en galego *Covadonga*. E o outro persoeiro auténtico peso pesado da nosa cultura é Ramón Otero Pedrayo. Do Pai Rubinos hai varias cartas que desde La Habana lle escribe á rúa Hortal, 22 en 1955 e móstralle a gratitude polos versos que lle mandou, e que dice que leu "con dozura da y-alma". Tamén lle di que do poema épico *Covadonga* está esgotada a primeira edición e que axiña sairá outra. Outra carta sen data está escrita no colexio de Belén da Habana. Noutra felicítalle o Nadal e acúsalle recibo de dúas súas. E duns poemas dille: "Vexo en eles un gran adianto na poesía de vostede, o triste namorado que ten cousas enxebrísimas da dozor da y-alma galega". Pide a Deus por el e polos seus e anúncialle o envío doutro libro lírico e dúas xestas da obra *Xestas de Galicia*. Nelas cóntase como naceu a gaita galega e como foi feito o escudo de Aníbal.

E xa en canto a Otero Pedrayo, hai un feixe de cartas dirixidas a Lugo, Dr. Castro, a Barcelona, C/ Hortal, etc. Escríbelle desde Santander, Ourense, Trasalba-Ourense. Datadas no 1957, 1961, 1968, 1970, 1971, 1972, 1973 e 1974. En todas aporta datos interesantes, dalle a opinión que lle mereceron os seus libros. En fin, un auténtico acopio de datos, unhas auténticas xoias. Así, desde Ourense o 20 XI, discúlpase don Ramón de non poderlle "botar a vista enriba por ter que salir para Madrid". Refírese ós poemas. Noutra do 18 de Nadal do 68 pídelles disculpas por unha bronquitis que o tivo moi "amoadado" e que non puido irse a Trasalba. Fálalle dun estudo sobre o Século XVIII Galego, un libriño máis ben popular. Finaliza felicitando o Nadal a el, e á familia e amigos.

E remato dando íntegra a transcripción da carta que lle escribe desde Trasalba o 25-VIII-1968.

Sr. Dn. Manuel Rodríguez López

Lugo

*Meu querido e lembrado amigo:*

*Chamóu de vagariño a miña porta o seu libro e endexamais esquecerei a boa conversa que tivemos na vella solaina ouricelada e as moitas teclas do meu corazón que il soupo pulsare con gosto e amizade. Sua conversa é verdadeira e xentil. Garda fuxidios paisaxes e hastra nos fondos intimismos non esquece a xente galega. Niste vrau alapeado foi un ventíño fresqueiro e levián. Nos outos ramaxens das carballeiras, fondos tempos da raza, e nas lareiras esquencidas. Acento de illado e de camiñante. Bon acento galego e verbas como o cair dos ourizos no outono ou o bulir das augas novas nos callaus da cánle do regueiro. As veces, pensaba sentir verbas de cando eu, rapaz, me afundía na poesía galega. Tén a fidalguía paixón da craridade. E iste camiñante, namorado do centilear das galaxias e do cavilar no pórtico dos filósofos, escuita e se detén na soleira da chousa aldeán. Onde haxa un velliño doente que consoar co lume da frase amiga, ou muller aldraxada e esquencida. Os grandes acordes dos poetas da Liberdade, de Curros, de Añón, forte, campesio, caridoso, resoan nil ca gravidade da verde virida con sinxereza... Dende entón é meu amigo. Tén casa cuberta e lume no meu corazón e na miña libreira. Nela pousará con outros poetas. Non han rifare. Os bos poetas son sinceiros. O fino e artístico escritor tamén é sinceridade. A honestidá e pureza da verba nidia é unha oferenda, e unha calidade que se pode levar a aquela craridade e transparencia propia de Joao de Deus... Quédolle cheo de agradecimento. Dóeme non poderlle correspondere. Soio dispoño do meu sentimento. Aniñou seu libro nista casa, dourada por tantos soles. Terá sempre un recanto no lume, antigo e probe, mais sin pagar foro a ninguén, da miña lareira.*

*Sempre vello amigo con apertas longas,**Ramón Otero Pedrayo*

A correspondencia con Otero Pedrayo e a lectura da obra *Vida Galega, Guía de Galicia* e outras, foron como refulxentes estrelas que guiaron a Manolo no camiño literario e cultural. Tamén *A Xesta* e outros libros de Rubinos e grandes mestres foron faros luminosos que alumearon os camiños que o conduciron a cumes moi importantes no manexo da linguaxe e da cultura de Galicia. Pero tampouco podo deixar esquencidos, entre os seus mestres, dun ou doutro xeito, como foron Ramón Cabanillas, Xesús Alonso Montero, Casado Nieto, Basilio Losada Castro e Darío Alvarez Blázquez.

## NOTAS

(1) Carta en castelán de Xaquín Caridad Arias (n. en Lugo, 1927) autor de *Toponimia y Mito*, 1995. E tamén autor de *Els noms de Catalunya*, 1996, escrita esta en castelán e traducida ó catalán. A carta con data do 18 de setembro do 96.

(2) O título completo do *Nomenclator* é *Nomenclator de parroquias, lugares y aldeas que se leen en los documentos medievales*. Copia de 52 folios, mecanografiada que se garda na Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo con outros libros que pertenceron a Vázquez Saco. O autor de dito *Nomenclator* parece ser que foi Buenaventura Cañizares del Rey. Cf. Lucensia, 5, 1992. pp. 137-185. Pódese ver tamén o *Vocabulario do Concello de Paradela (Lugo)* de Manuel-Ramiro Pallares López, p. 3.

(3) Amor Meilán, Manuel: *Geografía del Reino de Galicia. Provincia de Lugo*, p. 779. Villarabid, Víctor López: *Paradela y su concello*, 1990. *Los ríos: La cuenca media del Miño (De Portomarín a Os Peares)*, p. 43.

(4) Cfr. Villarabid, na obra citada en nota anterior.

(5) Libro de Bautizos da parroquia de San Miguel de Paradela, Nº 1, folio 35. Acta de Nacemento do Rexistro Civil de Paradela, folio 120.

(6) Xesús Mato: *Nova conversa con Manolo, o veciño e amigo*, II Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López, Paradela, p 4. Xuño de 1997.

(7) Libro de calificación escolar do Instituto Nacional de Enseñanza Media “Ausàs March”, Inscripción 131.

(8) Joan Badà i Elías: *El Seminario Conciliar de Barcelona (1868-1982)*, Barcelona, 1983, p. 15 e p. 32 ss. Datos do arquivo do Seminario Menor Diocesá de Santa María de Montalegre, mandados polo Rector J. J. Masegosa.

(9) Relación de personal do Seminario Menor de Barcelona. Secretaría de Estudios (anos 1947-51), mandado tamén por J. J. Masegosa.

(10) Ver no apéndice V a fotocopia das notas sacadas da ficha dos cursos de Humanidades, favor de J. J. Masegosa.

(11) Carta ó xesuita Xosé Rubinos, desde Barcelona o 11 de xullo de 1955.

(12) Aficións á Numismática polo que posteriormente visitou a Praza Real de Barcelona, onde, entre outros, fixo amizade con dous lucenses que compartían a mesma afición, Lorenzo García-Diego Pérez e José Enrique Castilla Estrems.

(13) Joan Badà i Elías: *El Seminario Conciliar de Barcelona (1868-1982)*, p. 38. *Boletín Oficial del Obispado de Barcelona*, 1905 pp. 51-55- *B.O.B.*, 1879, p-197.

(14) Id. Ibidem.

(15) Id. Ibidem.

(16) Información da propia Irene e do Paco da Fonte, entre outros.

(17) Xesús Mato: *Nova conversa...*, p. 5

(18) Correspondencia entre Manolo e Irene e datos da propia Irene

(19) Cfr. Segunda parte deste libro o apartado *Libros en verso* e Blanco, M.: *Manuel Rodríguez López, traductor de "L'Atlàntida" al gallego*, en *El Progreso*, 26-V-94.

(20) Xesús Mato, l. c., p. 7

(21) Id.

(22) *Soldada Mínima, Negareime*

(23) Xesús Mato, l. c.



(24) Eliseo Bayo: *El poeta, el economista y el éxodo de los hermanos*, na revista *Destino*, 28-12-1968.

(25) *A Emigrante*, en *Soldada Mínima*, p.p. 48-49.

(26) Consta na cédula ou cartilla co número 1007 datada o 15 de maio de 1957.

(27) Datos proporcionados por Ramón i Cassola (Valentí) en carta datada o 2-12-98.

(28) En *El Progreso*, 27-1-82 e 5-2-82, respectivamente.

(29) Santiago Rodríguez López. *En memoria do meu pai*. Libro-Programa das Festas Patronais de Paradela 1991.

(30) En *Poemas populares galegos*, p. 64.

(31) Cfr. *El Progreso*, 12-X-1983.

(32) De todos os actos quedou constancia en crónicas do propio Manolo en *Praza Maior* (1-12-86) e doutros, sobre todo en 1986. Tamén no diario *El Progreso*.

(33) Información proporcionada por Irene, viúva de M.R.L.

(34) Cfr. *El Progreso*, 20-2-90 e 21-2-90 e noutros medios.

(35) *El Progreso*, nesa data e *Soldada Mínima*, pp. 53-54.

(36) Cfr. *El Progreso* 27-4-95

(37) Deste evento ocupouse Antonio Losada e o autor en *El Progreso*

(38) *El Ideal Gallego*, 1-9-77.

(39) Carta a Manolo desde a Habana, datada o 11-6-69.

(40) *El Progreso*, 21-2-90.

(41) *ABC*, 7-9-68, *La Voz de Galicia*, 20-10-68, *El Progreso*, 20-9-68.

(42) Neira Vilas, en carta desde a Habana do 4 de marzo de 1971.

(43) *El Progreso*, 21-2-90.

(44) *La Hoja del Lunes*, 19-12-79.

(45) *El Ideal Gallego*, 14-11-79

(46) *El Progreso*, 2-3-95.

(47) *El Faro de Vigo*, 20-4-83.

(48) *El Progreso*, 8-5-83.

(49) *Rubricata*, de Rubí do 22-5-83.

(50) *El Progreso*, 16-8-83.

(51) *El Faro de Vigo*, 14-5-83.

(52) *El Progreso*, 23-3-86.

(53) *La Voz de Galicia*, 19-2-86; *El Ideal Gallego*, 19-11-86; *Liceo Caixa Galicia*, 22-1-86, etc.

(54) *Diario de Terrassa*, 17-4-86.

(55) *Avui*, 7-3-86.

(56) *El Progreso*, 21-6-89.

(57) *El Progreso*, 30-8-89; *Galicia*, 15-3-89; *La Voz de Galicia*, 4-12-88; *El Correo Gallego*, 28-10-88.

(58) Comunicóuselle en carta datada o 17-11-1981

(59) *El Progreso*, 21-2-90.

### **OPINIONS DALGUNS PERSOEIROS ACERCA DE MANOLO**

Quero engadir un apartado final con algunhas opinións de persoeiros de diferentes estamentos acerca do biografiado.

"Os pobos de emigrantes, como Galicia, sítense presentes nos longos camiños do mundo. Nas comunidades que axuntan ós fillos na diáspora atópanse sempre persoeiros que levan a elas e manteñen acesa a lumieira do espírito e que aportan, en troque, á Terra o mellor de canto lonxe déla poideron enxergar. Este é, entre tantos, o caso de Manuel Rodríguez López, afervoador cronista da actividade dos galegos en Catalunya e mensaxeiro ala do noso vivir."

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

"Benquerido amigo entre nós, poeta popular acreditado, excelente cultivador dun idioma castizo, home de ben en todos os sentidos".

MANUEL CASADO NIETO

"Este que tendes nestas páxinas é Manuel Rodríguez López de corpo enteiro: co seu amor á aldea, coa súa inxenuidade (grata e non pouca), co seu estupendo dominio do galego das terras de Sarria, coa súa visión elemental (e sincera) dos feitos, coa súa sinxela e grande capacidade comunicativa..."

XESÚS ALONSO MONTERO

"Foi animador constante da vida cultural galega en Barcelona, mestre de tantos no exercicio da galeguidade, excelente poeta e narrador e, por riba de todo, un galego dos "bós e xenerosos" ¡Que Deus o teña nun recuncho do Ceo, esperando por nós, e que continúe aló facendo os seus versos, soñando coa Galicia ideal, traballando por ela, pois este traballo de amor pola Nosa Terra foi o seu exercicio constante ó longo dunha vida truncada cando máis fecunda podía ser.

Todos cantos fomos os seus amigos gardamos del a mellor lembranza, como home, como intelectual, como escritor, como amigo. Traballou por todos nós, por facer realidade o soño dunha Galicia digna da súa historia. Somos moitos os que non o esqueceremos nunca".

BASILIO LOSADA

"Galego de nacemento e de corazón e catalán de adopción, poeta da nosa lingua e coñecedor a fondo da catalana, con ampla formación humanística e coñecemento da cultura e mitoloxía clásicas..."

VÍCTOR MANUEL VÁZQUEZ PORTOMEÑE

"A Manuel Rodríguez López e a min xuntounos unha vez o Méndez Ferrín no seu luminoso libro DE PONDAL A NOVONEYRA: nos somos, segundo o mestre, dous dos poetas galegos modernos do suburbio e da fábrica.

Quizabes foi eso o primeiro que me uniu co Manolo, pero despois viñeron moitas cousas máis. Nos seus derradeiros anos - ¡quen podía pensar daquela que o eran! -, Manuel Rodríguez honroume moito a míudo coa súa conversa, e eu honreime coa súa amizade, gocei da súa sinxela bondade, asombreime a reo coa súa inocencia.

Esa inocencia convertíao nun home un pouco desamparado, exposto ós comenenciudos e ós aproveitados que percorren triunfantes os camiños da vida. Pero a el non parecía importarlle. Quizais tampouco non se decatara da falsía de moitos sorrisos: a súa anxélica inxenuidade poñíalle unha venda nos ollos, e defendíao contra moitas verdades tristes.

El tiña unha relixión, a da poesía e a cultura nacional. O nacionalismo de Manuel Rodríguez alimentábase da lingua, da historia e das tradicións, e tamén na paisaxe. Na paisaxe como refuxio do espírito, porque malia a súa inxenuidade, ás veces ó poeta non lle quedaría máis remedio ca saber "de moitas promesas e ditos incumpridos ó longo dos anos" e de "xentes que dan noraboas, parabens e saúdos falsarios".

Manuel Rodríguez foi, si, un poeta do suburbio e da fábrica, e tamén un poeta da nostalxia campesiña, un poeta patriótico e civil, un bardo na gran tradición nosa que informan Manuel Curros e Cabanillas, eos que tanto ten que ver, mesmo na música do verso. Dentro desa relixión viviu a súa vida enteira, curta de máis, tronzada no medio da madurez.

DARÍO XOHÁN CABANA

"Manuel Rodríguez vive para sempre entre nós, pois acadou a inmortalidade co seu labor. Aquí está a confirmación do dito: dous lustros despois, gracias ás súas inqedanzas e recollendo a súa testemuña, é posible continuar co seu ideario, permitíndonos a nós, responsables do Goberno municipal, desenvolver un labor de apoio ó feito cultural da nosa terra, á vez que concede a oportunidade a todos aqueles que como Manuel Rodríguez, teñen a grandeza de ser mestres da sociedade e gozan da sensibilidade necesaria para espertar a espiritualidade de cadaquén, convertíndoa na alma do pobo, que é a súa cultura".

XOSÉ MANUEL MATO DÍAZ, ALCALDE DE PARADELA.

"Entre as súas moitas virtudes destacarei a súa fidelidade. Era un home co que sempre podías contar, sen ter nengunha dúbida de que fallara, e sen agardar nada a cambio. Un home ó que eu considero un amigo. E o seu talante: de home campechano, sinxelo, prudente, sincero, comprensivo e respectuoso. Sendo sempre el: Manolo, un home bo".

JESÚS VÁZQUEZ SÁNCHEZ PRESIDENTE DO GRUPO VS-MULTIMARCAS

"Coñecín a Manolo nos anos 60-70, na Praza Real de Barcelona, onde se celebraban os mercados dominicais de Filatelia e Numismática, afición común de ámbolos dous. Ó saber que eu era de Lugo e que estudiara no seminario, volcouse en favorecerme, axudarme e aconsellarme. Sempre falabamos de Lugo, da súa Galicia, das súas xentes, e lograba

transmitirme aquel amor pola terra que lle rezumaba polos poros. Tiña unha grande cultura humanística, froito dos seus estudos no Seminario. Un día chamoume o amigo común, Manolo Blanco, e díxome que morrera. Quedoume un grande vacío no corazón que aínda hoxe, ó lembralo, sobrecólleme. Perderá o poeta e o amigo".

LORENZO GARCÍA-DIEGO PÉREZ DIRECTOR DO INSTITUTO CATALÁN DE  
NUEVAS CARRERAS

"Manolo, eu aprecieite, valoreite, lin os teus libros, chorei, preguei... coido que te ameí. Agardo facer méritos aquí, para poder volver a vernos aló, no máis alto, onde están as persoas boas coma ti".

JOSÉ LUÍS LÓPEZ FRAGA RESTAURANTE MEDULIO (BARCELONA)

"A súa modestia persoal acochaba unha formación humanística e cultural profunda, da que xamais presumiu e que moitos non soubemos valorar ate que nos faltou. Na miña lembranza deixou plasmada a autenticidade da súa homía de ben, o seu afectuoso trato persoal e uns valores culturais e literarios que outros, con máis lucidez, irán descubrindo ó profundar na súa obra".

FRANCISCO DAPENA ALFONSÍN ExPresidente do CENTRO GALEGO DE  
BARCELONA

MANUEL RODRIGUEX LOPEZ

(In memorian)

Manolo, Irmá,  
que nos deixaches  
os teus poemas,  
a tua verba,  
a tu aman.  
Xa escrito en pedra  
debería estar,  
aquel teu libro,

aqueles versos,  
sempre tan fondos,  
sempre tan tenros  
e musicales,  
que cando lemos  
brinca na alma  
algo moi ledo  
i as pernas tolas  
queren ruada,  
queren bailar.  
I a tua prosa,  
tan ben coidada,  
co termo exacto,  
palabra clara,  
sempre unha imaxe  
daquela crónica.  
I a inocencia do pobo chan,  
a retranca daquela xente,  
xente de aldea,  
do que é un pobo,  
do que é a Patria.  
Patria Galega,  
asoballada por os caciques  
que sempre perto  
dos gañanciales, pagan soldada.  
“Soldada Mínima”  
os bos obreiros  
que somos todos  
os que vivimos no “Gran Bulleiro”,  
na gran cidade,  
na emigración.

Os grandes temas deste autor son dous: a evocación do pasado, da infancia e da aldea (tema común con Celso Emilio Ferreiro, Díaz Castro e outros poetas menores), e a diatriba contra a cidade, o capitalismo e a explotación do proletario. Poesía, pois, obreiro-campesina fundamentalmente sentida, interéstanos máis polo que ten do primeiro cá do segundo elemento. En efecto, os escritores social-realistas galegos -entre os que manteñen un lugar importante este autor- en xeral non se teñen ocupado demasiado da vida e temas proletarios. Orabén, a partir do Monólogo do vello traballador, de Celso Emilio Ferreiro, ábrese un camino tópico, aínda que pouco frecuentado, no que a clase obreira é suxeito da composición. Xunto con escritores máis xovens -entre os que destaca Darío Xohan Cabana, de firmísima, severa e impecable lírica e idioma- Manuel Rodríguez López é un dos poetas galegos modernos do suburbio e da fábrica, neste sentido innovadores. O sarcasmo, a agresión satírica, non é meramente ideolóxica ou doutrinaria: a silicose, a vellez e ruína do traballador, o obreiro servil e entregue ó patrón, os mariñeiros afogados; en suma, homes en situacións concretas protagonizan o verso de este autor, que en ningún intre permite que estea ausente o enemigo de clase.

XOSÉ LUIS MÉNDEZ FERRÍN

O seu mundo está dominado por unha nota nostálgico-evocativa da matría da infancia e da adolescencia, unha nota ético-condenatoria da inxusticia social que rexe na súa vida -esplotación do traballo, condena emigratoria, despotismo cínico dos privilexiados, etc., etc.-, e máis unha nota de noxo e refugamento da escravitude corruptora que se acobilla na urbe supercivilizada. Todas elas redúcense a unha: a afirmación da dignidade do home. O noso poeta protesta cos seus versos contra un mundo desalmado no que se abafa constantemente esa dignidade.

Mérito destacado de Rodríguez López é o seu espléndido galego, sinxelo, vivo e de gran riqueza expresiva.

RAMÓN PIÑEIRO

Manolo era o compañeiro que sabías non che había fallar nunca e que sempre sabía estar no seu posto. O seu posto non era outro có de avivecedor da vida galega en tódolos eidos. A súa ausencia vaise notar precisamente porque nos vén demostrar o moito que fixo este



home dende posicións repregadas e sen ningún afán de notoriedade. Manolo foi deses homes dos que sempre se precisa e que deixan un oco nada doado de encher.

Coa morte de Manolo Rodríguez os galegos de Barcelona perdemos un amigo e un embaixador inesgotable na nosa terra. Galicia, tódolos galegos, perdemos unha persoa que fixo país no senso fondo da expresión. O seu pasamento deixa, dalgún xeito, un espacio baleiro no noso espírito e na nosa terra. Orgallá o seu exemplo roxo e decisivo siga a estimula-lo esforzo dos máis novos. Galicia así o precisa e esa ha se-la mellor homenaxe que poderíamos tributar ó compañeiro morto.

OLEGARIO SOTELO BLANCO

#### NA AGRADECIDA LEMBRANZA

¡Abondarán as palabras!  
amigo, para dicirche  
-hoxe  
novamente entalados  
nas mesmas dores  
numerosas de noutrora-  
que che debo una anaco  
do amor á Terra profesado  
e agradecercho non sei.  
¡Se ahondaran as palabras!.  
Antígome namais un pouco  
e recupero,  
do cofre das lembranzas,  
a túa voz, xa na Patria,  
sosegada e correndo espida  
entre os ventos ventureiros  
que espallan os outonos.  
Abondarán as palabras,  
vello amigo,  
¡...se as palabras abondaran!.

MERO

(na lembranza de Manuel Rodríguez López)

### **APENDICES DOCUMENTAIS**

Como ilustración ou aclaración e ampliación dalgúns feitos da vida do biografiado Manolo Rodríguez López, inclúo neste apartado, a maneira de apéndices, a seguinte escolma de documentos.

I.- Certificación de partida de bautismo

II.- Acta de Nacemento

III.- Carta da madriña de bautizo, María Fernández, pouco antes do seu pasamento, contando o incidente do bautismo

IV.- Datos do Seminario

V.- Notas académicas obtidas por Manuel Rodríguez López durante os cinco cursos que estudou no Seminario Menor Diocesán

VI.- Carta manuscrita de Otero Pedrayo.

VII.- Manuscrito de M.R.L.

VIII.- Acta de defunción.

### **BIBLIOGRAFIA**

Quero nesta nota bibliográfica presentar algunhas das fontes usadas na elaboración deste libro. Fontes en canto que me serviron dalgún xeito para informarme da vida e obra do poeta de Randulfe.

#### **1.- Obras do propio autor**

En primeiro lugar quero referirme ás obras do propio escritor. E non quero poñer aquí os títulos de novo xa que aparecen no lugar correspondente. Solo suliñar que foron fontes de suma importancia para sacar información.

#### **2.- Cartas e documentos familiares**

Outras fontes de información moi importantes foron as cartas do poeta a outros - sobre todo escritores- e doutros a el, como se pode ver ó longo do libro e tamén diversos papeis da familia e informes orais.

### 3.- Outras obras consultadas

Entre outras moitas obras, pódense ver:

- *GRAN ENCICLOPEDIA GALLEGA*, 27 e passim.
- *GEOGRAFIA DEL REINO DE GALICIA. PROVINCIA DE LUGO*, por Manuel Amor Meilán
- *TRABAJOS DUROS DE LA MUJER*, por Eliseo Bayo. Ed. Plaza y Janés (1968).
- *O LIBRO GALEGO ONTE E HOXE*, por Daría Vilariña Pintos e M<sup>a</sup> Virtudes Pardo Gómez. Universidad de Santiago de Compostela (1981).
- *HISTORIA DA LITERATURA GALEGA*, por Francisco Fernández del Riego (Varias editoriais e edicións).
- *88 GALLEGOS - Una tierra a través de sus gentes II*, por Olegario Sotelo Blanco. Ed. Sotelo Blanco, Barcelona (1983).
- *MEDIO CENTO DE GALEGOS E ROSALIA*, por Marcial González Vigo e Xulio Xiz Ramil. Ed. Celta-Lugo (1983).
- *DE PONDAL A NOVONEYRA*, por X. L. Méndez Ferrín. Ed. Xerais (1984).
- *DEL VIEJO AL NUEVO PORTOMARIN*, por Víctor L. Villarabid. Ed. Everest (1985).
- *VOCABULARIO DO CONCELLO DE PARADELA (LUGO)*, por Manuel-Ramiro Pallares López. Diputación Provincial de Lugo, 1990.

- *PARADELA Y SU CONCELLO*, por Víctor L. Villarabid. Ed. Everest (1990).

- *DICCIONARIO DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA*, por Francisco Fernández del Riego. Edición do Castro (1990).

- *GALLEGOS. QUIEN ES QUIEN EN LA GALICIA DE LOS 90* El Correo Gallego, nº 53.

- *DICCIONARIO DA LITERATURA GALEGA. I AUTORES*, diversos autores; coordinación: Dolores Vilavedra. Galaxia (1995).

- *ESCRITORES DO S. XX DE LUGO*, por Manuel Blanco Castro.

#### **4.-Prensa e revistas**

Ademais das fontes xa citadas e da información de distintas personas como xa queda constancia, foron de grande axuda os datos aportados polos medios de comunicación escrita, tanto de xornais como de revistas. Entre outros, *El Progreso*, *Praza Maior* (Lugo), *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *El Correo Gallego* (A Coruña), *Boletín*, *Alborada* e *Treboada* (as tres últimas do Centro Galego de Barcelona).

## (A XEITO DE EPÍLOGO) ÓS MEUS VECIÑOS DE PARADELA

(Á procura de saldar unha débeda pendente)

Xesús Mato

Entre a mancha de amigos, escritores e poetas, non só de Galicia e Catalunya senón tamén do alén das nosas fronteiras, foime concedida a honra de pechar esta orixinal biografía de **Manuel Rodríguez López, o poeta amigo e veciño**. Agradezo esta oportunidade. Así podo vivir con máis cercanía e profundidade a gozosa celebración desta **boa nova** da publicación deste libro e aproveita-la ocasión para facer unha **invitación especial** ós meus amigos e veciños de Paradela, (**térria nai do poeta e garimoso berce dos seus restos mortais**) para ver se, entre todos, somos capaces de **facér presente entre nós**, a calidade humana e artística do noso poeta. A partir desta data xa non terá sentido o silencio nin haberá lugar para a apatía-indiferencia.

Estou seguro, benquerido amigo lector, de que o que acaba de atopar neste libro, sorprendeuno positivamente. ¡Canto descoñecemento tiñamos da súa vida, incluso nós, os seus propios veciños!. Eu mesmo, a pesar de telo coñecido e tratado desde xove, aínda sigo a atopar algo novo. E moito máis nos sorprenderemos se nos decidimos a mergullarnos na súa inmensa obra. Pero...non ollemos para o pasado. Temos que ser vitalistas coma el. O que deixamos de admirar-facer, no noso caso, nin foi por mala fe, nin por falla de querencia...senón máis ben pola circunstancia de que **Manolo** tivo que vivir lonxe de nós, da súa térra e do seu lar, e faltounos o seu trato directo e persoal demasiado pronto. Case sen dármolos conta, por sorpresa, paseniña e coladamente, como adoitaba facer el as cousas, **Manolo** fóisenos...E nosoutros, algo desconcertados e encerellados nas nosas cousas, seguimos, perante algún tempo, bastante despistados e alleos ó amor e agarimo que el amosou a esta terra e á loita que estivo a manter a prol dela e da súa xente. Non só pola desta Comarca senón tamén pola de Galicia enteira e, especialmente, pola da emigración, que el mesmo padeceu. Coido que por iso, e pola herencia que nos deixou, sobre todo nós, os de Paradela, temos que saldar esa **débeda pendente** que vén a ser coma **unha obriga moral** de non alongar máis os prazos. A débeda non só a temos con **Manolo**, senón tamén, por simple coherencia, **con nós mesmos, coa nosa xente, coa nosa historia e mesmo coas xeracións futuras** que non comprenderían o noso silencio. Outros povos de Galicia estarían orgullosos de contar coma un vecino máis, cunha **persoa-poeta-escritor** de tal talante e categoría.

Fago extensiva a invitación ós conveciños dos concellos da Comarca conlindante coa nosa (**Portomarín, O Páramo, Sarria, Samos, O Incio, Bóveda, Monforte e O Saviñao**), cos que **Manolo** mantivo unha constante e fraternal relación humana, socio-cultural e mesmo afectiva. Tamén a súa pluma e o seu espírito solidario deixaron sente-la súa vida-presencia en certames, artigos, viaxes, etc. e incluso en premios.

Vaia por diante o meu recoñecemento persoal ó tamén benquerido amigo **Manolo Blanco Castro**, (autor desta biografía e digno sucesor de **Manolo**, na función de continúa-lo labor de **cronista** dos galegos en Catalunya), e a tódolos que, dun xeito ou doutro, colaboraron a que hoxe sexa unha feliz realidade, ter xa **nas nosas mans** (nas librerías, nas bibliotecas dos colexios, nas casas de cultura, nas nosas propias casas...) esta orixinal biografía. Unha riqueza máis nas nosas vidas.

Para min, (que asino todo o que afirma o amigo Xulio Xiz no prólogo), é causa de ledicia o feito de que, a partir da aparición deste libro, tamén os meus-nosos-veciños,

os seus moitos amigos e tódolos galegos (do País e da Diáspora) poidan (¡poidamos!) disfrutar-gozar desta profunda biografía de **Manolo** e, por medio dela, presenta-la súa vida, entrar no máis íntimo da súa personalidade e amosa-la súa rica e extraordinaria obra, aínda sen estar estudiada a fondo.

O libro chega nun momento moi oportuno. Xustamente cando máis falla fai para seguir profundando no coñecemento da súa vida-obra e para consolidar definitivamente todo aquilo que xa se fixo e/ou se está a facer. Faltaba busca-la maneira de que o seu propio povo, os seus propios paisanos e vecinos, tivesen fontes de auga limpa onde beber, feitos concretos sobre a vida de **Manolo** para ir descubrindo por sí mesmos, a autenticidade-verdade dos seus tratos, costumes e sobre todo o amor con que viviu, ata con moito orgullo, a súa procedencia-orixe-vecindade. Deste xeito, a partir de agora, os seus propios veciños, os paradenses, imos reafirmar-la súa identidade e recoñecermonos todos na súa vida e obra.

Afortunadamente, benquerido lector, non partimos de cero. Desde a oficialidade do Concello de Paradela e a Consellería de Cultura da Xunta, desde a súa propia familia (a súa dona e os seus fillos) e desde esa mancha dos seus amigos, escritores e poetas, empezouse a andar, xa hai tempo, a facer camiño. O resultado é coñecido. Destaco só algúns pasos andados:

- O cumprimento do seu desexo de seren enterrados **os seus restos, no cemiterio de San Miguel de Paradela**, a súa terra;
- O nomeamento de **Filio Predilecto do Concello de Paradela**;
- O xa famoso **Certame literario de poesía e narrativa Manuel Oreste Rodríguez López**, que xa está consolidado e chega, neste ano 2.000, á súa 5ª edición. (Por certo, con moito éxito en participación, e o que aínda é mellor, tamén en **calidade**);
- O Premio **Lucense do Ano 1989**; a título postumo;
- A adicación á súa memoria, da **Casa da Cultura de Paradela**.

Compre continuar nesta liña. A súa biografía vains axudar nesta tarefa. O xa acadado ate de agora pola oficialidade (que non foi pouco e resultou necesario e imprescindible para seguir adiante, hai que suma-las ideas, o entusiasmo, a forza e o esforzo de todo o povo. Debemos traballar unidos e comprometidos... e mesmo organizados.

A modo de propostas posibles (entre outras) suxiro as seguintes:

- Dar exemplo e ser **nós os primeiros** en ler ¡e mesmo estudar a fondo!- esta biografía, dala a coñecer ós demais e tomar isto como **compromiso** para este ano.
- Que tanto o **Concello coma as institucións culturais** sigan a ir diante nas propostas e iniciativas concretas de actividades.
- Que co rexurdimento económico, a remodelación-embelecemento que se está a dar na vila,...vaia tamén parello **o rexurdimento cultural e social**, básico para o pleno desenvolvemento da persoa.
- Que a utilización do Multiusos, desde os seus comezos, sexa coma o **facho-lumieira** da formación socio-cultural non só da capitalidade senón de todo o seu entorno. Para iso: promocionar e organizar actividades e facilita-lo transporte.
- Que o **Colexio Público de E.X.B.**, onde está o próximo futuro do Municipio, polo seu carácter formativo-cultural, sexa **o viveiro** onde xermolen e medren os futuros poetas-escritores da terra, fomentando a lectura, concursos, certames, etc. O Colexio, para min, xoga un papel **importantísimo** neste eido da cultura.

- Que, da mesma maneira que valoramos e tratamos de conserva-los nosos **monumentos históricos**, como son os castras, igrexas, torres, casas, muíños, adegas, etc. (**Castro de Barán, ruínas de Loio, igrexas románicas de Castro do Rei, Villaragunte, Barán, San Miguel, Suar, Ferreiros, complexo de San Facundo, o Camino de Santiago, etc.**) co mesmo interese, ou se cabe aínda con máis, deberíamos coidar, divulgar e continua-lo legado dos nosos poetas e escritores.

Todos somos responsables destes **tesouros-legados** que abundan nesta nosa benquerida terra.

A este labor, hoxe en día imprescindible para encher de harmonía as nosas vidas, vai axudarnos a vida e maíla obra do noso poeta, contada de modo tan sinxelo e curioso polo outro amigo **Manolo Castro Blanco**, galego e emigrante coma el. Ámbolos dous viviron dun xeito parecido. Mesmo semellan **xemelgos**. Ámbolos dous foron (¡son!) sinxelos, calados, traballadores, humildes, serviciais, loitadores, coherentes, cunhas vidas ganadas a pulso, detallistas, sensibles, positivistas, solidarios, portadores de esperanza e de ledicia, valentes, rebeldes ante a mentira-hipocresía-opresión...¡Un bo programa de vida para calquera persoa que estea disposta a ser útil á sociedade, a por a funciona-los seus talentos e a facer algo altruisticamente e en positivo polos demais! Coma eles, sen barullo e presuncións, tamén nosoutros podemos colaborar no rexurdir e medrar desta terra no eido cultural, algo básico e fundamental na vida humana.

Quero rematar esta conversa con todos vostedes, meus benqueridos amigos, amosándolle-lo noso recoñecemento-agradecemento ós **Manolos**: ó noso poeta **Manuel Rodríguez López**, pola súa exemplar vida e abondosa obra e ó escritor e cronista **Manolo Blanco** por saber contárnolo tan sinxela e axeitadamente. Gracias ós dous.

Lugo, primavera do Ano Xubilar 2000.